A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confraría de Pescadores da Coruña levan anos reclamando unha solución para a Ría, constatándose coa recente presentación polo Goberno Central dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, de que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á Rexeneración medioambiental e da Recuperación dos bancos marisqueiros da Ría do Burgo.

A Declaración de Impacto Ambiental foi aprobada hai xa máis de sete meses e seguimos sen saber as razóns do retraso na publicación do Proxecto definitivo de Dragado e do inicio das obras. Así mesmo, xa van alá moitos anos da aprobación do Informe pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo (despois da visita realizada no 2013 por unha Delegación deste mesmo Parlamento) que demandaba do Estado español realizar un Plano Integral de Rexeneración e Recuperación da Ría do Burgo.

Resulta extraordinariamente grave esta situación, chegando mesmo a ser insultante, se lle sumamos o feito de que inclúen partidas de cuantías insignificantes respecto do orzamento necesario dacordo ao Proxecto de Dragado que estivo no seu día

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28955
Data envío: 06/04/2018 14:07:13.537

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en exposición pública, ou, no seu caso, seguen incluíndo partidas que nunca se chegan a executar, prolongando no tempo unha solución real.

Cada día e ano que pasa as principais e primeiras vítimas da contaminación na Ría do Burgo, os colectivos de mariscadores e mariscadoras, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da Ría. Esiximos actuacións inmediatas do Estado e da Xunta no camiño de restabelecer os Convenios existentes até hai uns anos coas Agrupacións de mariscadores e mariscadoras para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

A Plataforma en Defensa da Ría do Burgo e os veciños/as da comarca da Coruña levan anos reivindicando solucións ante o grave deterioro da Ría e as consecuencias negativas que ten no medio ambiente, na economía e no marisqueo.

Precisamente por iso, atender as necesidades da Ría do Burgo implica non só unha inaprazable necesidade medioambiental, senón tamén unha aposta pola economía produtiva, polo potencial da ría como motor da reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Reclamarlle ao Goberno do Estado que inclúa nos Orzamentos Xerais do Estado do 2018 as partidas económicas e o calendario de actuacións, que fixando prazos reais -a través do BOE e o DOG- faga inmediato o inicio das Obras do Plano de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28955
Data envio: 06/04/2018 14:07:13.537

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rexeneración da Ría e Recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións necesarias para o seu saneamento integral.

-Que consigne as dotacións económicas necesarias que permitan o restablecemento dos Convenios coas Agrupacións de mariscadores e mariscadoras para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira."

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2018 14:05:19

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28955
Data envio: 06/04/2018 14:07:13.537

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2018 14:05:24

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2018 14:05:27

Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2018 14:05:28

Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2018 14:05:29

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2018 14:06:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28956
Data envío: 06/04/2018 14:07:15.771

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Tal é a importancia que a innovación está tendo en todos os eidos da nosa sociedade que foi incorporada como unha nova política pública, ao mesmo nivel que a social ou a ambiental nas novas Directivas Europeas.

A innovación, entendida como a fórmula para atopar novas e mellores maneiras de facer as cousas, ben a través de desenvolver un produto, servizo, procesos de produción ou construción, así como, novos métodos de comercialización, ou novas formas de organización.

Deste xeito, tanto a investigación como a innovación atópanse entre os principais motores do crecemento futuro e ocupan un lugar central da Estratexia Europa 2020, na que queda perfectamente contemplado que "*todas as autoridades públicas europeas teñen a responsabilidade de favorecer a innovación cando producen e consumen bens e servizos*".

E para elo, contan con diferentes ferramentas para estimular novas solución tecnolóxicas, ao tempo que axudan a crear postos de traballo e a aumentar a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

competitividade das industrias e das PEMES, así como a mellora da eficiencia e a calidade dos servizos públicos.

A política de innovación en Galicia para o período 2014-2020, quedou establecida na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), e a través de diferentes programas, plans e ordes de axuda se está levando a cabo dun xeito transversal.

Convencidos, dende o Grupo Popular, de que esta ten que ser a lexislatura do RURAL, nesta proposición non de lei queremos referirnos dun xeito concreto a un dos sectores estratéxicos para a economía galega, como é o agroforestal. Un sector que xera milleiros de postos de traballo e da sustento a moitas familias galegas, pero que estamos convencidos de que aínda pode e ten que coller un pulo maior .
Por iso, pretendemos que se continúen estimulando, impulsando e promovendo proxectos que destaquen polo seu carácter innovador, pero que nesta ocasión sexa a través dun concurso anual.

Un concurso que sirva para estimular a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, aplicados a produtos e/ou procesos que melloren e modernicen o eido agroforestal e a súa capacidade produtiva.

Contribuíndo, deste xeito, a dar visibilidade e impulso aos proxectos presentados e a xerar condicións favorables para a súa posta en marcha, cun intercambio de coñecementos, conformando un ambiente proclive á innovación e o emprendedorismo.
Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha convocatoria anual dun concurso de proxectos en materia agroforestal para poñer en valor aqueles que destaquen polo seu carácter innovador”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28956
Data envio: 06/04/2018 14:07:15.771

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2018 14:04:21

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2018 14:04:30

José González Vázquez na data 06/04/2018 14:04:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2018 14:04:57

Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2018 14:05:02

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/04/2018 14:05:11

Carlos Gómez Salgado na data 06/04/2018 14:05:17

Daniel Vega Pérez na data 06/04/2018 14:05:28

Maria Antón Vilasánchez na data 06/04/2018 14:05:36

María Isabel Novo Fariña na data 06/04/2018 14:05:42

Marta Novoa Iglesias na data 06/04/2018 14:05:50

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/04/2018 14:05:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/04/2018 14:06:03

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/04/2018 14:06:10

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28957
Data envío: 06/04/2018 14:13:38.677

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A elaboración do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) obedece ao disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, á Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, á Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e ao Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 3/2007 no seu artigo 5 punto 2, establece que as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Segundo o artigo 6, puntos 1b) e 2, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias.

Así, conforme á Lei 3/2007 e no seu artigo 14 punto 1, o PLADIGA reflectirá a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando os plans de prevención, protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, soporte cartográfico, coordinación e formación dos medios e axentes do servizo, así como unha definición clara de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

obxectivos e metas por acadar, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro, así como os indicadores da súa execución.

Logo da publicación da Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) cambia o marco legal de referencia para a aprobación dos plans de emerxencia por incendios forestais, sendo un dos cambios máis relevantes a definición das situacións operativas de emerxencia que deben de contemplar os plans, e que substitúen aos niveis de gravidade.

Desta forma, o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) establece que é responsabilidade do departamento competente en materia forestal designado no PLADIGA a dirección do Plan en Situación 0 e 1. Diste xeito correspóndelle ao PLADIGA desenvolver na súa totalidade as fases de actuación nas Situacións 0 e 1.

A loita contra os incendios ten unha importancia fundamental e debese desenvolver tamén no ámbito da detección, disuasión e mesmo investigación. E por iso que o PLADIGA recolle no seu punto 7 un Plan referido a esas materias. No que se refire os medios, disponse de vixilancia fixa, vixilancia móbil, forzas e corpos de seguridade, forzas armadas e as brigadas de investigación forestal. Recordemos que unha das medidas anunciadas polo Presidente da Xunta logo da vaga de lumes de outubro do ano 2017 foi a do reforzamento destas brigadas de investigación forestal.

Pero a loita contra os incendios require tamén da colaboración cidadán, sobre todo se temos en conta que tres de cada catro incendios teñen carácter intencionada. O Grupo Parlamentario Popular considera que debemos de tratar de implicar na vixilancia e detección de incendios a todos aqueles colectivos cidadáns que o desexen, a través do desenrolo das Agrupacións de defensa contra os incendios forestais.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver a figura das agrupacións de defensa contra os incendios contempladas na normativa de incendios forestais”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2018 14:11:31

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/04/2018 14:11:40

José González Vázquez na data 06/04/2018 14:11:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2018 14:11:54

Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2018 14:12:00

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2018 14:12:08

Carlos Gómez Salgado na data 06/04/2018 14:12:14

Daniel Vega Pérez na data 06/04/2018 14:12:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28958
Data envío: 06/04/2018 14:19:37.740

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A conservación dos recursos xenéticos forestais e un dos ámbitos fundamentais previstos na Estratexia Foresta Europea. Tamén acada especial importancia o deseño de liñas de mellora xenética forestal orientadas a obtención de materiais forestais de reprodución de alta calidade xenética para o seu emprego en repoboación forestal, na protección forestal na súa vertente sanitaria (resistencia a pragas e enfermidades forestais) e na obtención de maiores rendementos madeireiros nas masas: madeira en cantidade e calidade.

Dado o contexto de non crecemento da superficie dedicada a explotación forestal que plantexa o Borrador do Plan Forestal de Galicia, unha liña que permitirá o crecemento do volume anual de madeira aproveitada será a que se vincule a mellora xenética das nosas especias arbóreas.

Neste ámbito o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF), na actualidade integrado na estrutura da Subdirección Xeral de Innovación e Experimentación Agroforestal da Consellería do Medio Rural e Mar da Xunta de Galicia, ten desenvolvido un papel fundamental.

O CIF de Lourizán foi pioneiro no noso país no desenvolvemento e posta en práctica de numerosos produtos e tecnoloxías forestais. Algunhas das achegas máis destacadas foron o impulso á mellora xenética do piñeiro bravo (P. pinaster), a creación de pasteiros de mínima labra e a mellora xenética de especies pratenses nos anos 50, o

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

desenvolvemento de fertilizantes forestais en pastilla, nos 60, a creación de modelos para estimar a calidade de estación de P. pinaster, a identificación de novas especies e variedades botánicas, a introdución de especies forestais con base científica, a obtención de clons de castaño resistentes a enfermidades e micorrizados, a identificación de novas enfermidades e pragas forestais e os seus tratamentos, a valorización e o impulso ao sector micolóxico, a creación de hortos produtores de sementes, a iniciación da silvopascicultura e o desenvolvemento da silvicultura preventiva de incendios, la caracterización de los combustibles forestais de Galicia e de modelos de predición de comportamento do lume, contribucións a mellora da sustentabilidade da xestión forestal, melloras silvícolas para a rexeneración de montes queimados, así como o desenvolvemento de novas técnicas para avaliar a severidade dos incendios e rehabilitar as áreas queimadas, entre outras.

Co fin de avanzar neste ámbito o Grupo Parlamentario Popular considera necesario un plan integral de mellora xenética forestal que permita unificar as distintas actividades na materia nun único programa de planificación, execución, investigación e desenvolvemento dos recursos xenéticos forestais en Galicia a medio/longo prazo.

Este plan deberá recoller como obxectivos fundamentais:

- O aumento da produtividade e adaptabilidade das especies forestais de Galicia.
- A conservación a longo prazo da diversidade xenética existente na nosa Comunidade Autónoma.
- A potenciación do CIF-Lourizán como centro de referencia de I+D+i en xestión forestal en Galicia.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un Plan Integral de mellora xenética forestal"

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28958
Data envio: 06/04/2018 14:19:37.740

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/04/2018 14:15:36

José González Vázquez na data 06/04/2018 14:15:44

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/04/2018 14:15:51

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2018 14:15:58

Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2018 14:16:05

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2018 14:16:13

Carlos Gómez Salgado na data 06/04/2018 14:16:20

Daniel Vega Pérez na data 06/04/2018 14:16:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:34
Nº Rexistro: 28968
Data envío: 06/04/2018 17:34:34.834

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Os xulgados galegos semellaban páramos o xoves 5 de abril. Á folga de funcionarios e funcionarias uníronse membros da carreira xudicial e fiscal (convocados por todas as asociacións que existen), tendo como horizonte a mellora do funcionamento, imaxe e situación da xustiza.

O Goberno galego queda mudo ante estas segundas reivindicacións, pero non cala respecto da folga dos funcionarios galegos (tamén convocada por todos os sindicatos que existen) e que xa vai para dous meses. De feito, hoxe mesmo insistía en que a súa proposta cumpre o mandato parlamentario e inclúe un plan de recuperación que considera os días transcorridos dende o inicio da folga o 7 de febreiro.

O certo é que o 19 de decembro do pasado ano o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade demandar ao Goberno atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, mais este acordo unánime non se cumpre coa oferta do Goberno, a salvo os puntos 4 e 5: a oferta só propón a consolidación das prazas de máis de 3 anos; a amortización aínda non está pechada e quedan conxeladas (por xubilación ou concurso) 38 prazas das da suposta amortización; as cantidades propostas para o complemento autonómico transitorio vanse aboar en 3 exercicios (entre 2018 e 2020, cunha cláusula de revisión neste último ano) e o plan de recuperación do traballo sen facer pola folga (é dicir, a necesidade de habilitar horas extraordinarias) realmente non chega nin a un 25 %.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:34
Nº Rexistro: 28968
Data envío: 06/04/2018 17:34:34.834

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir, na súa totalidade, o acordo unánime do Pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2017 e relativo ás reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de xustiza de Galicia, mantendo un período de diálogo permanente ata o restablecemento do servizo.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/04/2018 17:29:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2018 17:29:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2018 17:29:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2018 17:29:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:58
Nº Rexistro: 28980
Data envio: 09/04/2018 09:58:47.751

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A nova regulación normativa das estradas en Galicia está a provocar importantes, e graves, incidencias na súa aplicación, afectando aos dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega.

Da nova regulación se derivan unha serie de prohibicións e limitacións que están a afectar as condicións urbanísticas de moitas parcelas. En concreto existe unha prohibición que afecta a parcelas lindeiras coas estradas provinciais e autonómicas, en todo tipo de solos, sexa cal sexa a súa clasificación.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia determina no seu artigo 52 que "a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes".

Esta regulación é moi similar ao réxime establecido para as autorizacións de novos accesos por parte das administracións titulares das estradas, que se recollía na normativa anterior, a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

O Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, vai máis aló do establecido na Lei 8/2013, e no seu artigo 137 establece que "as parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as

novas parcelas xeradas se resolva a través doutras vías distintas das estradas".

Polo tanto, o Regulamento de desenvolvemento non está a ser concorde ca lei aprobada ao respecto e vén supor unha modificación da propia lei, xa que coa previsión incluída no artigo 137, está a prohibir as parcelacións e segregacións de parcelas con fronte a estradas provinciais e autonómicas, cando non haxa alternativa de acceso por vías doutra titularidade pública, o que non se recollía na Lei do 2013, e tampouco se recolle na regulación das estradas de titularidade estatal.

Xa se teñen dado en diferentes concellos casos de parcelacións non autorizadas polos titulares de estradas non municipais, ante a imposibilidade de acceder a estas parcelas por vías alternativas.

Un cambio polo tanto normativo, en principio sen carácter urbanístico, provoca, de facto, unha recualificación urbanística, xa que con esta imposibilidade de autorización, desaparece a posibilidade de parcelación de fincas que cumprían todos os requisitos da normativa urbanística para dita parcelación.

Esta imposibilidade de parcelación ou segregación, que lembremos ten como fin último a edificación conforme o artigo 148 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, implica de forma clara e nítida unha modificación do réxime de dereitos e deberes dos e das propietarias.

Desta forma un decreto autonómico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en reunión do 26 de maio de 2016, a proposta da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda a normativa urbanística en vigor en moitos, por non dicir, todos os concellos de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:58
Nº Rexistro: 28980
Data envio: 09/04/2018 09:58:47.751

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proceder a anulación da regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, de forma que se poidan autorizar as parcelacións e segregacións de fincas aínda que o acceso rodado a todas as novas parcelas xeradas non poda resolverse a través doutras vías distintas das estradas, mantendo o previsto no artigo 52 da Lei de estradas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/04/2018 09:50:41

Raúl Fernández Fernández na data 09/04/2018 09:50:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 09:50:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 09:50:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:28
Nº Rexistro: 28997
Data envio: 09/04/2018 11:28:56.861

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución. As instalacións da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) puxéronse finalmente en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e sete meses a respecto da data prevista) e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

Dende a súa posta en marcha, o persoal do CHUOU ten denunciado en reiteradas ocasións graves deficiencias desta nova infraestrutura. Recentemente coñeciamos que un dos almacéns da planta de Traumatoloxía alagábase debido ao colapso do desaugadoiro da máquina da planta superior, a de Neuroloxía, empregada para lavar as cuñas.

Ademais, os edificios antigos do complexo acumulan dende hai anos graves deficiencias pola falla de investimentos nos traballos de mantemento e de remodelación das instalacións, que en algún caso puxeron en risco a seguridade dos traballadores e traballadoras, como ocorreu en xuño de 2017 co derrubamento de dous falsos teitos en distintas dependencias do Hospital Santa María Nai. Recentemente coñecíamos a denuncia do persoal do CHUOU da aparición de pingueiras nunha zona de paso cara ao quirófano, que está operativo

tres días por semana, e pola que adoita circular persoal de xinecoloxía e do quirófano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, de maneira urxente, unha inspección técnica da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para detectar posibles deficiencias estruturais. Tendo en conta os resultados obtidos trala inspección, redactar un informe que recolla as deficiencias detectadas, e notificalo á empresa adxudicataria para que proceda de maneira urxente a subsanar ditas deficiencias, así como os danos ocasionados polas mesmas.

2. Realizar, de maneira urxente, unha inspección técnica do estado no que se atopan as instalacións do Hospital Santa María Nai, co obxectivo de detectar deficiencias tanto da propia infraestrutura, coma dos medios materiais que alí se empregan. Tendo en conta os resultados obtidos trala inspección, redactar un informe que recolla as deficiencias detectadas, así como o cronograma e orzamento previsto para a corrección das mesmas.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:28
Nº Rexistro: 28997
Data envio: 09/04/2018 11:28:56.861

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 09/04/2018 11:25:40

Raúl Fernández Fernández na data 09/04/2018 11:25:46

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:25:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:25:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:35
Nº Rexistro: 29005
Data envío: 09/04/2018 11:35:28.517

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De todos é sabido da importancia do sector pesqueiro para a economía do noso país, un sector xerador de emprego e de actividade económica.

As políticas levadas a cabo nos últimos tempos por parte do Goberno galego parecen non compartir esta afirmación, por unha banda falase de apoio o sector ao mesmo tempo que se manifesta a vontade de dignificar o traballo das xentes do mar pero lamentablemente, por outra banda, estas pretensións do Goberno galego nada teñen que ver coa realidade que están a vivir as xentes do mar.

Un servizo básico e fundamental para o sector como é o salvamento marítimo, cada día observamos como se presta nunhas condicións que non garanten o seu correcto funcionamento. Especialmente a raíz dos últimos sucesos acontecidos na nosa comunidade que así o reflicten, o feito de facerse público que os Sikorsky S-76 C+, xubilados no ano 2012, segundo os argumentos da consellería do Medio Rural e do Mar, naquel momento, por obsoletos, e non adaptarse ás costas galegas, e para optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente, están a ser utilizados por parte da empresa concesionaria coa aprobación da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo que isto acontece o sector tamén se encontra abandonado en materia de prevención unha vez desaparecido o seguro do mal tempo. Por non falar ademais da supresión do seguro colectivo de accidentes no mar, que garante a cobertura de todos os profesionais do mar en caso de accidente. Por non falar ademais de que nos orzamentos deste ano no programa 723A Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, a partida de saúde e seguridade minorou ata os 335.000 euros fronte aos 900.000 do ano anterior.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:35
Nº Rexistro: 29005
Data envio: 09/04/2018 11:35:28.517

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a prevención e o salvamento marítimo son temas de máxima importancia, por iso presentamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Retomar de xeito inmediato as pólizas de seguros de accidentes no mar e a póliza de carácter voluntario do seguro do mal tempo.

2.º) Realizar unha modificación orzamentaria que permita no programa 723A Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, recuperar os niveis do ano 2017.

3º) Realizar as xestións necesarias para garantir o correcto funcionamento do servizo de salvamento marítimo, así como garantir a súa completa gratuidade derrogando o decreto 130/2012.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:27:03

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:27:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:27:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:35
Nº Rexistro: 29006
Data envio: 09/04/2018 11:35:59.798

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O papel da muller é clave no sector pesqueiro, especialmente en canto á xestión do día a día. Contribúen especialmente no desenvolvemento socioeconómico das zonas de influencia onde traballan agrupadas. Non obstante, falla conciencia social sobre a importancia da súa contribución.

As mulleres traballan dunha a catro horas máis cos homes, sosteñen a miles de familias e traballan ata na enfermidade, para poder alcanzar unha xubilación digna. A desigualdade entre ambos sexos é un feito, algunhas mulleres rematan a súa formación e non son capaces de completar as horas do mar porque non atopan quen as enrole. Fanse precisos incentivos para que as mulleres vaian a bordo.

Moitos son os anos que as mulleres levan presente no sector non que non foron tidas en conta. O Goberno debe recoñecer o seu traballo, fomentar o asociacionismo. Para iso son precisas medidas concretas como a aplicación dun coeficiente redutor na idade de acceso á xubilación, o recoñecemento de enfermidades profesionais, incentivos para a contratación de mulleres a bordo, destinar maiores recursos para o fomento de campañas públicas que fomenten o asociacionismo neste colectivo, adopción de medidas que favorezan a igualdade salarial entre homes e mulleres pescadoras.

Non obstante, son varios os datos que mostran que a muller perde representatividade no sector:

Entre o ano 2008 e o ano 2017, en Galicia perdéronse 1.803 mulleres afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar. Unha redución superior a un 25 %.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:35
Nº Rexistro: 29006
Data envío: 09/04/2018 11:35:59.798

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Segundo OCUPESCA 2015, na pesca extractiva había 7.991 homes. Tan só 469 mulleres, o 4 %. Na acuicultura, 3.504 homes, 912 mulleres. A muller perdeu representatividade desde a OCUPESCA do ano 2013.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Levar a cabo un estudo que determine cales son as medidas inmediatas a aplicar para mellorar os indicadores que reflicten a situación da muller no mar. As conclusións do dito estudo serán obxecto de debate na Comisión 8ª.

2º) Incluír incentivos para a contratación de mulleres a bordo, de xeito que aquelas mulleres que rematan os seus estudos poidan atopar unha oportunidade laboral no mar.

3º) Poñer en marcha dentro do ano 2018 unha campaña pública que fomente o asociacionismo no colectivo de mulleres do mar.

4º) Poñer en marcha dentro do ano 2018 un plan destinado a acadar a igualdade salarial entre homes e mulleres pescadoras.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:27:37

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:27:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:27:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:36
Nº Rexistro: 29007
Data envío: 09/04/2018 11:36:30.470

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A resolución do 26/09/2017 de Portos de Galicia, da Consellería do Mar, publicada no DOG 190 de 5 de outubro de 2017, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas está a causar graves inconvenientes nas vilas costeiras galegas, en parte motivadas por non adaptarse á súa realidade social, na que se veñen desenvolvendo tradicionalmente actividades diarias na zona portuaria por atoparse totalmente integrada no núcleo de poboación.

Un dos casos máis recentes produciuse en Malpica, ante a Festa da Xuventude que carecía de permisos por non ter carácter mariñeiro nin gran arraigo ou tradición. Igualmente ocorría en Mugardos coa celebración da II Milla Urbana Nocturna que foi denegado porque "a actividade solicitada non se atopa dentro dos eventos lúdicos autorizables".

É difícil comprender a denegación destes permisos, cando por un lado, especialmente no segundo caso trátase de promover unha actividade deportiva, saudable, nun momento no que o deporte se atope en auxe, e ao igual que acontece noutros concellos, a zona portuaria adoitase utilizar para a colocación de meta e avituallamento. Igualmente, cun turismo que está fortemente estacionalizado, este tipo de actividades contribúen ao reactivamento económico das zonas, fóra da época estival.

Nunha Galicia en regresión demográfica, cun grave problema de envellecemento e cunha pirámide poboacional invertida, os enormes esforzos que fan as administracións locais para atraer e reter esa xuventude atópanse coas trabas constantes do Goberno Galego, o cal non deixa de ser paradoxal, porque todas as administracións deberían remar a favor de repoboar Galicia de xente nova que traia o dinamismo as ditas poboacións. Galicia precisa oportunidades de traballo e de ocio para a xente nova.

Todo isto non é mais que o reflexo dunha forma de gobernar e dunha ideoloxía que privilexia uns intereses que a maior parte das veces non son os comúns ou os xerais, como cabería esperar do uso dos ben públicos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:36
Nº Rexistro: 29007
Data envío: 09/04/2018 11:36:30.470

Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se faga un estudo, no prazo dous meses, que recolla as repercusións que para cada concello está a ter a aplicación da resolución de portos de Galicia, en canto aos usos portuarios, tendo en conta a idiosincrasia das vilas galegas costeiras e a necesidade real de desestacionalizar o turismo por un lado, e de reter a xente nova polo outro.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 09/04/2018 11:28:33

Julio Torrado Quintela na data 09/04/2018 11:28:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:28:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:46
Nº Rexistro: 29029
Data envio: 09/04/2018 11:46:51.126

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O pasado mes de marzo entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen o ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

No marco da "Estratexia Europa 2020" a contratación pública desenvolve un papel clave, posto que, tal e como recolle a exposición de motivos da Lei 9/2017, se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben de ser utilizados para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso con maior racionalidade económica dos fondos públicos e, engadimos, suxeito a un completo marco de medidas de loita contra a corrupción e a fraude. Porque como tamén recoñece a Unión Europea, a contratación pública debe incrementar a súa eficiencia no gasto público, mais facilitando a participación das pequenas e medianas empresas (Pemes) e permitindo aos poderes adxudicadores empregar a contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns.

Ademais de acadar unha mellor relación calidade-prezo, esta nova lei ten como obxectivo principal lograr unha maior transparencia na contratación pública.

Lembremos que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calculaba que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que superaba incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver en moi gran medida os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:46
Nº Rexistro: 29029
Data envío: 09/04/2018 11:46:51.126

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén insistindo a través das diferentes iniciativas presentadas nesta lexislatura que en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude nas compras públicas autonómicas.

No Libro IV da nova Lei de contratos do sector público establécese un novo esquema de gobernanza para o control das obrigas comunitarias na materia e combater as irregularidades na súa aplicación. Neste esquema habilítase ás comunidades autónomas para a creación da Oficina de Supervisión da Contratación, con plena independencia orgánica e funcional, que debe de render contas anualmente perante as cámaras lexislativas e os órganos de control externo. Esta oficina debe de coordinar a supervisión da contratación pública polos poderes adxudicadores do conxunto do noso sector público autonómico, podendo dar traslado á Fiscalía ou órganos xudiciais ou administrativos competentes dos feitos dos que teña coñecemento e que poidan ser constitutivos de delito ou infracción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas necesarias para crear a Oficina Independente de Supervisión da Contratación do Sector Público Autonómico, que remitirá ao Parlamento un informe anual de actuacións para o seu debate na Comisión parlamentaria de Relacións co Consello de Contas.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:46
Nº Rexistro: 29029
Data envio: 09/04/2018 11:46:51.126

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/04/2018 11:10:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 11:10:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/04/2018 11:10:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/04/2018 11:10:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 11:10:32

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 12:35
Nº Rexistro: 29032
Data envío: 09/04/2018 12:35:49.111

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De acordo coa Executive Agency for SMEs en relación á Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route indica que "O proxecto "WAOH Route: A Dive into Adventure" ten como obxectivo desenvolver a primeira ruta europea de mergullo sostible. É unha rede que conecta sitios de mergullo de clase mundial desde o extremo sur de Portugal e España ata o extremo norte, que abarca Irlanda e Reino Unido, que encarnan valores comúns e patrimonio. A ruta promoverá os 5.000 km de costa atlántica na costa náutica de Europa como itinerario e destino turístico transnacional por diversión e eco-turistas.

A ruta WAOH estará constituída por sitios e destinos de mergullo mariño de primeira clase que fomentarán, crearán e unirán sinerxías entre os deportes acuáticos e o patrimonio marítimo único e atlántico europeo das paisaxes, a vida salvaxe e os hábitats en combinación cunha variedade de patrimonio cultural marítimo. Mellorará a sinerxía de deportes náuticos coas próximas oportunidades de turismo ecolóxico mariño. Mellorará notablemente a sinerxías coa famosa arqueoloxía marítima de Europa, museos, turismo subaquático e gastronomía á beira do mar, levando a unha oferta innovadora de novos produtos transnacionais."

O proxecto abarcará os anos 2018 e 2019, e está dotado con fondos da Unión Europea por 299.920 euros.

É beneficiario deste proxecto a Axencia Turismo de Galicia (ATURGA).

A empresa Buceo Fisterra leva uns 12 anos en activo, levando a cabo a súa actividade non unicamente en Fisterra, senón tamén en Corcubión, Muxía, Camariñas ... Non obstante, non tiñan coñecemento oficial da primeira ruta europea de turismo subacuático a 'WAOHR.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 12:35
Nº Rexistro: 29032
Data envío: 09/04/2018 12:35:49.111

Na presentación dende Turismo de Galicia explicouse que a ruta pretende ser desestacionalizadora, e que fóra do período estival quizais as condicións da Costa da Morte son difíciles para practicar este tipo de actividades. Finalmente foi incluída a Ría de Corcubión, quedando excluída a zona exterior do Cabo Fisterra, ou as ría de Camariñas ou de Corme-Laxe.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que leve a cabo as xestións necesarias para nun futuro inmediato incluír a ría de Corme-Laxe e a ría de Camariñas, así como a zona exterior do Cabo Fisterra na ruta Wildsea Atlantic Ocean Heritage Route.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/04/2018 12:06:59

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/04/2018 12:07:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/04/2018 12:07:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2018 12:07:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29053
Data envio: 09/04/2018 16:03:11.158

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

Os dereitos que na actualidade ten cada explotación e que para cobralos teñen que cumprir uns requisitos, é dicir, manter unha actividade agraria, ter en boas condicións as superficies declaradas e outras, para producir alimentos que a UE entende necesario incentivar.

As axudas da PAC no seu conxunto, son axudas compensatorias para realizar actividades, relacionadas co coidado do medioambiente.

O Ministerio de Facenda entende que eses dereitos son un activo intanxible e cando se produce un cambio de perceptor dá lugar a un incremento patrimonial por parte de quen transmite, independentemente de si a explotación segue sendo a mesma ou non, de si a transmisión se produce entre conxugues en réxime de gananciais ou non, ou se esa explotación era persoa física e pasa a ser xurídica.

A cesión de dereitos adoita facerse xunto co cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, normalmente como consecuencia do cese da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc. Na maior parte dos casos esta cesión faise a favor dun membro da unidade familiar, producíndose un simple cambio de titularidade administrativa, tanto da explotación como dos dereitos de pago único.

É moi común a cesión de dereitos entre conxugues casados en réxime de gananciais; nestes casos a pesar de que tanto a explotación como os dereitos de pago único teñen carácter de gananciais e resulta claro que continúan pertencendo á sociedade de gananciais a pesar do cambio de titularidade administrativa. A AEAT entende que existe transmisión e esixe o pago pola ganancia patrimonial que nunca se produciu.

O mesmo ocorre coas achegas á sociedades (normalmente civís) na que continua participando o mesmo titular dos dereitos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29053
Data envío: 09/04/2018 16:03:11.158

Hai que subliñar que no impreso denominado "Comunicación de cesión de dereitos de pago único" e establecido pola Xunta de Galicia, recóllense diferentes supostos para rexistrar a cesión entre os que se atopa: cambio de denominación ou personalidade xurídica (matrimonios en réxime de gananciais e explotacións de titularidade compartida.

A AEAT entende que os dereitos de pago único son un elemento patrimonial afecto á actividade agropecuaria e que o dereito de percepción constitúe un activo intanxible (como un dereito de propiedade industrial ou intelectual).

A natureza xurídica dos dereitos de pago único é difícil de encadrar e varía segundo se analice desde o dereito civil, administrativo ou desde o dereito comunitario, pero o certo é que desde o acordo coa normativa europea que os regula teñen unha finalidade remuneratoria ou compensatoria da actividade agropecuaria, dando lugar a un dereito de pago periódico ou dereito de crédito fronte á Administración, a crédito monetario que os afasta do concepto de activo inmaterial.

Por todo iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que lle solicite que a liquidación e o pago da cota tributaria correspondente co IRPF, non inclúa os cambios de titularidade dos dereitos de pago único cando pertenzan a unha mesma explotación e non exista beneficio ou ingreso derivado da operación.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/04/2018 13:52:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/04/2018 13:52:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 13:52:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29077
Data envío: 09/04/2018 17:57:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado: a de Meirama, posta en marcha en 1980 e máis a das Pontes, sendo postos en marcha os seus diferentes grupos a partir de 1976. Esta forma de xeración ten un importante impacto no medio ambiente debido á alta emisión de CO2 e de gases causantes de acidificación. Polo tanto, a modernización para a redución destas emisións así como a modernización de cara a unha futura e necesaria transición enerxética debe ser unha preocupación dos poderes públicos.

Máis aínda, cómpre lembrar os obxectivos fixados para 2020 e 2030 aos que o Estado Español se comprometeu a nivel europeo. Por exemplo, os obxectivos para o ano 2020 estabelecen a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro como mínimo nun 20% respecto dos niveis de 1990, a mellora da eficiencia enerxética nun 20% e a obtención a partir de renovábeis dun 20%. A falta de impulso dunha política enerxética coherente e estábel por parte do Estado e da Xunta de Galiza non garanten a día de hoxe a adaptación das fontes de xeración galegas a estes parámetros, o mantemento dos postos de traballo e a adaptación ao futuro.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29077
Data envio: 09/04/2018 17:57:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, observamos como no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 contémplase unha *Disposición adicional nonaxésima oitava* canto a *Medidas no ámbito sectorial do carbón*. Neste apartado recóllese que o Goberno promoverá mecanismos de apoio de até 10 millóns de euros para a redución das emisións medioambientais nas centrais térmicas do carbón, baixo os criterios e límites que prevé a Unión Europea canto aos límites previstos na normativa de axudas. Porén, polo contemplado na disposición e a referencia ao Real Decreto 675/2014 semella que Galiza estará excluída no que constitúe un novo agravio comparativo. Cómpre recordar que en outubro de 2013 asinouse o novo Plan do Carbón 2013-2018 por un importe de 250 millóns de euros para infraestruturas. No dito Plan o ámbito territorial son ás Comunidades de Aragón, Asturias, Castela-León e Castela-A Mancha e nel que Galiza pasou de ser un axente máis a entrar nunhas indefinidas "actuacións concretas de *carácter excepcional en Andalucía, Catalunya e Galiza, sempre que a súa relevancia ou seu grado de avance o xustifiquen"* que non ofreceron nin ofrecen garantías para os retos en materia de reconversión mineira que precisa o noso país ao ter varias comarcas dependentes da produción a partir de carbón, malia ser a día de hoxe de orixe importada.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental garantir que Galiza poida ser receptora deste tipo de incentivos e de non ser así constituiría un novo agravio comparativo.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29077
Data envio: 09/04/2018 17:57:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno central para demandar a realización das actuacións necesarias para que Galiza sexa incluída nos convenios de colaboración do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital coas Comunidades Autónomas para garantir o desenvolvemento económico das comarcas mineiras así como en todas as ordes de axudas que contemplen como obxecto a redución das emisións medioambientais nas centrais térmicas de carbón baixo os requirimentos e límites contemplados pola Unión Europea."

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2018 17:47:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29077
Data envio: 09/04/2018 17:57:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2018 17:47:56

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:47:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/04/2018 17:47:59

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2018 17:48:01

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2018 17:48:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 09/04/2018 18:18:28.751

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta de Galiza ten consideración de servizo de emerxencias por dúas vías. A primeira delas vén reflexada no acordo de condicións especiais do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galiza incluído no V Convenio Colectivo Único para o Persoal laboral da Xunta de Galiza, vixente a día de hoxe, onde se indica que o SPDCIF terá consideración de servizo Preventivo, ademais de Emerxencias.

A segunda vía vén derivada da publicación da nova lei de Protección Civil do estado (Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil), que nos seus artigos 17, 31 e 32 definen a súa natureza e a formación correspondente dos recursos humanos.

Ademais, a propia Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, actualizada polo RD 5/2000, do 4 de agosto, e reformada pola Lei 54/2003, de 12 de decembro define e establece e desenvolve o Dereito a Protección fronte ós riscos laborais.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29088
Data envío: 09/04/2018 18:18:28.751

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a CIG dirixiron varios escritos á Administración para que se aplique a formación adecuada ós traballadores/as logo da modificación das súas funcións debido a aplicación da nova lei de Protección Civil.

O SPDCIF pertence á familia profesional Seguridade e Medio Ambiente onde lle corresponden unhas competencias relacionadas tanto coa seguridade da cidadanía como dos seus bens, onde se especifican os módulos formativos -compostos por unidades formativas - correspondentes á profesión desempeñada.

A descrición destes módulos formativos está reflectida no **RD 624/20131 do 2 de agosto,** polo que se establecen oito certificados de profesionalidade da familia profesional ***Seguridade e medio ambiente*** que se inclúen no repertorio estatal de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos como anexo I do Real Decreto 1377/2009, do 28 de agosto, e como anexos I e II do Real decreto 1536/2011, de 31 de outubro.

Logo de numerosos escritos presentados os traballadores do SPDCIF atópanse sen ningunha resposta da súa empresa que é a Xunta de Galiza. Enténdese polo tanto que caeu en saco roto a petición de formación especifica para os novos riscos ós que se enfrontan os traballadores/as do citado servizo.

Para dar unha mellor protección á cidadanía e ós seus bens, o Grupo Parlamentar do BNG atendendo á petición da CIG, presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Dar a formación específica ó persoal do SPDCIF descrita no **RD 624/2013, do 2 de agosto** e que se especifican a continuación nos seguintes módulos formativos:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 09/04/2018 18:18:28.751

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **MF1964_2:** *labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantementos de infraestruturas e información a poboación.(90 horas mínimas)*

- **MF1965_2:** *extinción de incendios forestais, o modulo formativo. (150 horas)*

- **MF1966_2:** *continxencias no medio natural e rural. (90 horas)* - ***MF0272_2:*** *primeiros auxilios. (60 horas)*

- Elaborar protocolos para a actuación axeitada nos lumes interface (lumes urbanos-forestais) para garantir unha mellor eficacia e seguridade tanto do SPDCIF como da cidadanía, tal como recomenda no seu preámbulo a ***Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo,*** *de protección da seguridade cidadá*."

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29088
Data envio: 09/04/2018 18:18:28.751

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/04/2018 18:12:22

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2018 18:12:28

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 18:12:29

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2018 18:12:30

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2018 18:12:32

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2018 18:12:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 09:42
Nº Rexistro: 29102
Data envio: 10/04/2018 09:42:22.257

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo posúe no barrio da Tinería de Lugo, unha casa de orixe medieval coñecida como Hospital de San Miguel. Atópase encostada á Muralla, Patrimonio da humanidade e no Camiño Primitivo que ostenta a mesma categoría.

O goberno presidido polo Sr. Touriño tiña o proxecto de facer nela un centro de estudos xacobeos dada a súa radicación no Camiño, pero este obxectivo foi abandonado polo goberno do PP. Esta casa medieval atópase nun estado de total abandono e preto da ruína, sendo perfectamente visible para todo o que pase pola muralla ou que faga o camiño.

Dentro de moi pouco tempo celebrarase un novo Ano Xacobeo para o que a Xunta de Galicia afirma que realizará multitude de obras e tomará medidas para que todos os camiños e o seu patrimonio presenten a mellor cara aos peregrinos, en cambio non parece que vaia a tomar ningunha medida cun ben propiedade da Sociedade do Xacobeo que está en total ruína. É paradoxal que os encargados de velar polo bo estado dos camiños e as rutas xacobeas manteñan un patrimonio en ruínas dentro do Camiño Primitivo

Cremos que é urxente rematar con esta situación. A Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo non pode seguir mantendo unha propiedade de gran valor histórico abandonada no interior dun dos camiños máis utilizados como é o Primitivo, que está declarado Patrimonio da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 09:42
Nº Rexistro: 29102
Data envío: 10/04/2018 09:42:22.257

Humanidade e, aínda máis no cetro dunha cidade e na contorna doutros dous Patrimonios da Humanidade

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de inmediato todos os trámites necesarios para proceder á rehabilitación da casa medieval, coñecida como Hospital de San Miguel, da cidade de Lugo, propiedade da Sociedade Anónima do Plan Xacobeo que se atopa encostada á Muralla de Lugo e no Camiño Primitivo que ten a mesma cualificación, de maneira que estea rehabilitada, polo menos, para o Ano Santo de 2021

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2018 09:41:35

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/04/2018 09:41:44

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/04/2018 09:41:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/04/2018 09:42:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:12
Nº Rexistro: 29120
Data envío: 10/04/2018 11:12:37.960

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a fenda salarial que padece o corpo docente galego.

Exposición de motivos

O seu comportamento revela o moito que lle importa a Feijóo a educación dos galegos e das galegas. Dende o ano 2009, o Presidente da Xunta non se sentou nin unha soa vez cos docentes para negociar con eles melloras das súas condicións laborais. Nin unha soa vez. A crise pasou, segundo se empeña en dicir o Partido Popular, pero a súa actitude cara a educación segue a ser a mesma: recortar e desmantelar ata que a educación pública de calidade sexa só unha borrosa lembranza do pasado.

O desleixo cara a educación do Partido Popular é particularmente grave porque as mestras e os mestres galegos son os segundos que menos cobran do Estado. Os docentes de secundaria afrontan un agravio comparativo semellante: son os terceiros con menor salario. No polo oposto atópanse os vascos e os navarros. A fenda salarial entre uns e outros é de ata 400 euros, no caso dos mestres e mestras, e de 500 euros, no casos dos docentes de secundaria. Estes últimos cobran en Galicia unha media de 2.276,1 euros, fronte aos 2.757,7 euros que cobran os vascos. Ao ano, isto supón unha diferenza de ata 6.000 euros, diferenza que supón 200.000 euros menos ao final da carreira laboral para os galegos e galegas que imparten clase nos nosos institutos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:12
Nº Rexistro: 29120
Data envío: 10/04/2018 11:12:37.960

A fenda ensánchase aínda máis se temos tamén en conta que algunhas comunidades contan cunha carreira profesional retribuída e outras non. Así, existen complementos por formación permanente nalgúns territorios que non existen noutros (como os sexenios). As titorías, a coordinación do nivel ou do ciclo, a xefatura do departamento, a residencia ou a perigosidade tamén se retribúen de xeito distinto en función do lugar.

Nun momento como o actual, no que outros colectivos de funcionarios están conseguindo melloras substantivas das súas condicións de traballo, equiparando os salarios dos profesionais do conxunto do Estado, cómpre defender tamén os dereitos laborais dos mestres e docentes galegos.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Equiparar o salario dos docentes e mestres galegos ao salario dos docentes e mestres mellor remunerados do resto do Estado.
- Recuperar para os docentes e mestres galegos os salarios que lles foron recortados durante a crise.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:12
Nº Rexistro: 29120
Data envío: 10/04/2018 11:12:37.960

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 10:58:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 10:59:00

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 10:59:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:00
Nº Rexistro: 29134
Data envío: 10/04/2018 13:00:02.633

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputados e deputados, **María Julia Rodríguez Barreira, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño** e **Moisés Rodríguez Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

1. A Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, con sede en Monforte de Lemos, constituiuse por escritura notarial o día 29 de marzo de 2001 aprobando os seus Estatutos Sociais que foron modificados por escritura de 30.1.2004.

   Por orde da Consellería de Cultura de 1.6.2001 declarouse de interese galego e inscribiuse no Rexistro de Fundacións co número 91. A presidencia do seu padroado, a ostenta actualmente o Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, en representación da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

2. O Museo do Ferrocarril de Galicia, xestionado pola Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, está considerado o terceiro gran museo ferroviario de España en canto a infraestruturas ferroviarias históricas e o primeiro en canto a parque móvil ferroviario restaurado que se mantén operativo.

   O Museo, conta entre os seus fondos con emblemáticas locomotoras e vagóns, cunha estación de minitrenes, unha rotonda considerada como unha mostra importante do patrimonio industrial español e mesmo europeo, ademais de aparataxe de comunicacións, mostras de traxes e material ferroviario, que compre ser preservado e divulgado en toda a súa importancia.

   Compre poñer en valor a transcendencia deste museo, nunha cidade eminentemente ferroviaria e noutrora un dos núcleos ferroviarios mais importantes do país.

3. A inclusión do Museo do Ferrocarril de Galicia, na rede de Museos de Galicia, suporía un pulo importante para este museo, que se beneficiaría dos recursos promocionais que proporciona esta rede.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Ostentando a Xunta de Galicia, representada polo seu representante provincial, a presidencia do padroado da Fundación que xestiona o museo, compre facer as xestións necesarias para a súa inclusión na devandita rede de Museos de Galicia.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar, dende o padroado da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia a inclusión do Museo do Ferrocarril de Galicia, sito en Monforte de Lemos, na rede de Museos de Galicia".

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/04/2018 12:55:25

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/04/2018 12:55:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/04/2018 12:55:43

Raquel Arias Rodríguez na data 10/04/2018 12:55:48

Jaime Castiñeira Broz na data 10/04/2018 12:55:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/04/2018 12:56:04

Martín Fernández Prado na data 10/04/2018 12:56:12

Sandra Vázquez Dominguez na data 10/04/2018 12:57:13

Daniel Vega Pérez na data 10/04/2018 12:57:23

Jacobo Moreira Ferro na data 10/04/2018 12:57:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:00
Nº Rexistro: 29134
Data envio: 10/04/2018 13:00:02.633

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Marta Novoa Iglesias na data 10/04/2018 12:57:41

Gonzalo Trenor López na data 10/04/2018 12:57:50

Maria Antón Vilasánchez na data 10/04/2018 12:57:59

Teresa Egerique Mosquera na data 10/04/2018 12:58:05

César Manuel Fernández Gil na data 10/04/2018 12:58:18

Carlos Gómez Salgado na data 10/04/2018 12:58:22

Carlos Enrique López Crespo na data 10/04/2018 12:58:30

Antonio Mouriño Villar na data 10/04/2018 12:58:42

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/04/2018 12:58:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29140
Data envío: 10/04/2018 13:07:52.118

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o cambio de nome do centro escolar Salvador Moreno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sombra alongada do franquismo esténdese aínda pola nosa xeografía. Son moitas as rúas e institucións que, coa conivencia explícita do Partido Popular, homenaxean a militares golpistas e a partidarios da ditadura, vulnerando dese xeito a Lei de Memoria Histórica. É o caso do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria "Salvador Moreno", de Pontevedra.

Recentemente, En Marea esixiu no Congreso que se mudara o nome dese centro por facer referencia a un militar franquista responsable de milleiros de mortes. Como cabería esperar, o Goberno do Partido Popular respondeu que non se ía tomar unha medida semellante e aproveitou para eloxiar a figura do golpista. Na súa contestación escrita á iniciativa de En Marea dixo literalmente:

> "En relación con a información interesada, se señala que el Centro de Educación Primaria y Secundaria Obligatoria "Salvador Moreno" recibió su nombre por la contribución que esa persona realizó a la Armada en general y a la enseñanza en particular.
> En concreto, el establecimiento de la Escuela Naval Militar en su actual ubicación en Marín (Pontevedra) fue una decisión que contó con la implicación directa y personal del almirante Salvador Moreno Fernández, ministro de Marina de la época. Su construcción supuso un gran impulso

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29140
Data envio: 10/04/2018 13:07:52.118

social y económico para la localidad de Marín y, parcialmente, para Pontevedra, ya que conllevó la construcción de barriadas para el personal civil y militar de la Escuela en ambas localidade, un hospital para la atención de las familias y el propio centro de educación objeto de la pregunta.

Ese legado y servicio a la Armada y a la sociedad es el que fue tenido en cuenta para dar nombre a dicho centro, sin que en modo alguno suponga ello ninguna forma de exaltación de la sublevación militar, de la Guerra Civil, ni de la represión de la Dictadura".

A loa a Salvador Moreno que realiza o Goberno de Rajoy na súa resposta escatima algúns dos detalles máis salientables da súa biografía, como, por exemplo, que participou dende o primeiro momento na sublevación militar contra o goberno democrático da Segunda República; que dirixiu a rebelión no Arsenal de Ferrol; que bombardeou Xixón a bordo do cruceiro Almirante Cervera; que masacrou a 5.000 persoas que fuxían de Malaga ao fronte do Canarias; ou que no ano 2008 foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputados pola Audiencia Nacional por detención ilegal e crimes contra a humanidade cometidos durante a Guerra Civil e a Ditadura. Todo isto foi convenientemente esquecido polo Goberno central, que prefire defender a figura do militar presentándoo como un adaíl da educación.

Por desgraza, nada disto nos sorprende. Xa no ano 2002, cando o pleno municipal de Pontevedra votou a favor de cambiar de nome da rúa Salvador Moreno, o Partido Popular defendeu a figura do persoeiro franquista. O concelleiro do PP municipal Celestino Lores chegou a dicir que mudar o nome da rúa era un acto de irresponsabilidade e unha falta de respecto cara a familia do damnificado. Pediu, incluso, que o goberno local se desculpase coa súa familia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29140
Data envio: 10/04/2018 13:07:52.118

polo dano a súa imaxe. Tempo despois, o propio Mariano Rajoy afirmou que non entendía por que se cambiara o nome da rúa:

> "Vivín moitos anos a carón da Escola Naval de Marín, na rúa Salvador Moreno de Pontevedra. Agora, non se sabe por que, quitáronlle a ría ao Almirante Salvador Moreno. Pero, en fin, eu sígolle chamado así".

En calquera caso, a previsibilidade da resposta dos populares no que respecta ao centro Salvador Moreno non fai que a súa postura deixe de ser inaceptable. A Lei de Memoria Histórica debe aplicarse neste caso, como en tantos outros, para restablecer a dignidade das vítimas do franquismo.

Por todo o dito, O Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado para que garanta a aplicación da Lei de Memoria Histórica no caso do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria "Salvador Moreno" de Pontevedra, así como en tódolos demais casos nos que rexa a lei.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29140
Data envio: 10/04/2018 13:07:52.118

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 13:04:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 13:04:18

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 13:04:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29194
Data envío: 10/04/2018 17:32:02.883

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** sobre estancias educativas de nenas e nenos galegos que residen no exterior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 3 da Constitución establece a obrigación de todos os españois de coñecer a lingua española, ademais de sinalar aos poderes públicos como garantes da educación dos cidadáns españois.

Na mesma liña, o Estatuto de Galicia, establece, no seu artigo 5 que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, sinala a responsabilidade do Estado e as comunidades autónomas para que os residentes españois no exterior conten cunha adecuada atención educativa e insta a que se facilite a súa integración no sistema educativo español.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29194
Data envio: 10/04/2018 17:32:02.883

Esta mesma lei recoñece na súa exposición de motivos que, no movemento de retorno acaecido nos anos 80 coa chegada da democracia, "a pesar de que este proceso ten lugar nun contexto económico favorable para España, non se adoptaron as medidas necesarias para atender integralmente ao devandito retorno" e establece unha serie de pautas e obrigacións para que as Comunidades Autónomas coordinen plans integrais de retorno que "permitan coordinar actuacións para un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos, garantindo o regreso a España nas condicións máis favorables".

Nese senso cabe entender a Lei de galeguidade, a Lei 7/2013, de 13 de xuño. Lei, que no artigo 57 establece:

> A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá medidas de apoio nos ámbitos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e galegas residentes no exterior e facilitará a súa integración na sociedade galega nos termos que regulamentariamente se determinen.

Segundo os datos publicados polo INE o pasado 20 de marzo do presente ano, a data do 1 de xaneiro de 2018, 154.312 persoas nacidas en Galicia atópanse agora vivindo no estranxeiro. Delas 2287 teñen menos de 16 anos. Cifra que aumentaría a 53.193 se sumamos tamén a todas as que naceron fóra. Todos e cada un deses nenos e nenas sufrirán, do mesmo xeito que os adultos, o sentimento de dobre pertenza ou o sentimento apátrida, o desarraigamento da súa terra de orixe. É máis, en moitos casos estas nenas e nenos non chegarán a coñecer a súa terra, Galicia, nin a nosa lingua, nin a nosa riqueza cultural e, a duras penas, coñecerán aos seus familiares.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29194
Data envio: 10/04/2018 17:32:02.883

Unha nena ou un neno que crece sen coñecer a terra na que naceu ou a terra na que creceron os seus pais e onde está a súa familia directa, non sentirá nunca interese nin necesidade de retornar a ela, pois será unha terra na que non ten ningunha contorna emocional que lle sexa propia.

Galicia ten unha débeda moral coas familias que se viron obrigadas a deixar a nosa terra e a obriga de facilitarlles o retorno, sempre que estes así o quixesen. Se, no específico, falamos dos menores que se viron obrigados a emigrar ou que xa naceron fóra, dita obrigación resulta necesaria xa que estes nenos non decidiron irse, pero si poden decidir volver.

Porén, a día de hoxe, o Goberno galego non ten desenvolvido unha soa medida de apoio específico ao retorno infantil nin á atención da infancia e mocidade emigrada.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Que se elimine o requisito de empadroamento para nenos de nacionalidade española que residan no estranxeiro para estancias en centros educativos de Galicia dunha duración mínima dunha semana e máxima de tres semanas, non suxeitas a avaliación.

2. Que a adxudicación de centro, para estas estancias, se realice tendo en conta as prazas vacantes nos centros públicos próximos ao lugar de residencia dos familiares directos do menor, así como as características lingüísticas do país de acollida do menor.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:32
Nº Rexistro: 29194
Data envio: 10/04/2018 17:32:02.883

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 17:15:40

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 17:15:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29198
Data envío: 10/04/2018 17:43:49.352

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre o informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Medio Ambiente de incluír tódalas variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Comité Científico do Ministerio de Agricultura, Pesca e Medio Ambiente pronunciouse recentemente a favor de incluír tódalas variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras. Fíxoo nunha resolución adoptada por unanimidade na que alerta dos efectos prexudiciais que o eucalipto ten para contorna natural. O ditame, elaborado a petición do concello de Teo, non deixa lugar a dúbidas acerca da necesidade de poñerlle coto a esta perigosísima especie arbórea.

O resumo do escrito é ben claro:

> "Constatado cos datos científicos dispoñibles o carácter invasor das especies *Eucalyptus* naturalizadas no noso país, conclúese que se debería incluír no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras [...] a tódalas especies [...]. Recoméndase extremar a precaución con novas introducións e plantacións, e recoméndase un seguimento local e levar a cabo medidas de erradicación antes de que se produza a invasión sempre que se observe naturalización de calquera especie *Eucalyptus* no noso territorio".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29198
Data envío: 10/04/2018 17:43:49.352

No texto recoñécese que tódalas especies de eucalipto "se consideran óptimas para o seu cultivo debido ao seu rápido crecemento e a súa gran adaptabilidade a diferentes tipos de solos e climas". Porén, advírtese que "estas mesmas características e outras máis da súa bioloxía e fisioloxía fanas nocivas para o medio natural dos lugares onde se cultiva e se naturalizan".

Entre os problemas que causa o eucalipto, a resolución do Comité Científico sinala:

- O empobrecemento das cadeas tróficas pola dificultade de descomposición das follas.
- A alteración das propiedades físico-químicas, bioquímicas e microbiolóxicas do solo, que diminúe o balanzo hídrico do chan.
- A actividade allopática, que dificulta que xerminen outras especies.
- A perdida de biodiversidade vexetal e animal, así como o aumento do risco de instalación doutras especies invasoras dos estratos arbustivos e herbáceos.
- A capacidade para colonizar espazos abertos, sobre todo tralos incendios, desprazando ás colonizadoras autóctonas.
- A dificultade da súa erradicación cando as especies se naturalizan, cos conseguintes custos para a economía nacional, rexional e local.
- O elevado risco de incendios que entrañan pola súa particular susceptibilidade a arder.

A pesar de todo isto, o borrador para a revisión do plan forestal galego de 1992 inclúe un incremento da superficie de eucaliptos do 8, 12%, isto é, de 25.000 hectáreas, o que supón unha neglixencia política e medioambiental de primeira magnitude. Tralo incremento, a superficie de eucaliptos sería de 332.984

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29198
Data envío: 10/04/2018 17:43:49.352

hectáreas, un 16,4% do monte galego, tal e como informou o propio director xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández-Couto.

O borrador do novo plan forestal pon de manifesto que a Xunta de Galicia non aprendeu absolutamente nada dos incendios do pasado outubro. Continúa insistindo nos mesmos erros que propiciaron a inmensa traxedia, cuxos efectos aínda hoxe continúamos padecendo. Polo ben da nosa contorna, e da propia seguridade dos galegos e galegas, é preciso que se muden as actuais políticas forestais e se dean pasos firmes e decididos cara unha ordenación racional do territorio.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir ao Goberno do Estado que inclúa a tódalas variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras.

2. Elaborar un protocolo de control e substitución das plantacións de eucalipto, que favoreza a maior implantación das especies autóctonas.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29198
Data envio: 10/04/2018 17:43:49.352

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 10/04/2018 17:19:24

Paula Quinteiro Araújo na data 10/04/2018 17:19:35

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 17:19:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29203
Data envio: 10/04/2018 18:18:00.914

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos deputados **Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos:

O Cruce coa N-640 que se utiliza como un dos accesos principais ao Hospital do Salnés, no concello de Vilagarcía de Arousa, é dende fai tempo un punto de elevado risco viario, téndose producido no pasado numerosos accidentes de diversa importancia.

A pesar das continuas promesas de actuacións por parte dos responsables da vía, O ministerio de Fomento, a través de cargos públicos do Partido Popular, este punto non ten recibido ningunha intervención en materia de seguridade viaria, incluso os orzamentos do Estado que veñen de presentarse no congreso dos deputados, ignoran unha vez mais a promesa, tantas veces incumprida, de dotar a ese entorno dunha rotonda que incremente a seguridade e mellore a circulación do tráfico.

Este punto precisa ademais dunha mellora do acceso peonil, que é utilizado non so para acceder ao hospital comarcal senón tamén para un novo espazo comercial que se ten constituído no entorno. Estamos polo tanto ante unha actuación que debe ser urxente co obxectivo de evitar accidente futuros, que de continuar a actual situación de seguro se producirán.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 18:18
Nº Rexistro: 29203
Data envío: 10/04/2018 18:18:00.914

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno:**

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para solicitar que se acometan de inmediato, as melloras de seguridade viaria necesaria para garantir a integridade dos usuarios do acceso ao Hospital Comarcal do Salnés, na súa intersección coa N-640 en Vilagarcía de Arousa.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/04/2018 18:16:03

Antón Sánchez García na data 10/04/2018 18:16:12

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 18:16:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29204
Data envio: 10/04/2018 19:05:43.321

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Juan Manuel Díaz Villoslada,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres ha de ser unha prioridade para toda a sociedade e tamén unha obrigación que corresponde aos partidos políticos e en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

O Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobado polo Congreso dos Deputados vincula directamente aos partidos políticos, poderes do Estado, administracións autonómicas e locais, no compromiso adoptado para contribuír á erradicación da violencia de xénero.

O Pacto de Estado, é un instrumento complementario da nosa actual lexislación, que establece os marcos de coordinación institucional precisos para o desenvolvemento das diferentes medidas acordadas. Un total de 213 propostas de actuación que abordan o problema de maneira integral e que no seu conxunto melloran a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e a das súas fillas e fillos.

Pero non se poderá avanzar na erradicación da violencia machista e na atención específica ás mulleres, si non se establecen estes mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, e tampouco se poderá seguir avanzando si non se dotan ás distintas administracións (comunidades autónomas e concellos), dos recursos económicos adecuados.

Hai que resaltar con respecto ás atribucións e competencias das administracións autonómicas, o recollido no pacto: "O disposto no presente pacto deberá ser interpretado sen prexuízo do pleno exercicio polas comunidades autónomas das competencias que teñen atribuídas en virtude dos respectivos Estatutos de Autonomía, non podendo, en consecuencia, vincular ás comunidades autónomas ou outras administracións públicas, as recomendacións contidas no presente informe cando afecten aos seus respectivos ámbitos competenciais.".

Este aspecto é fundamental, ao recoñecer o esforzo e o compromiso económico das administracións autonómicas e locais no marco das súas competencias específicas, dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Por iso, e en función das medidas establecidas no pacto, débese dotar a devanditas administracións das partidas económicas específicas correspondentes fixadas no pacto, e comprometidas polo propio Goberno.

En base a estes acordos, hai que lembrar tamén que todos os grupos parlamentarios apoiaron e votaron a favor da proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista en outubro de 2017, relativa á solicitude ao Goberno de España a aprobación por decreto lei, en caso de prórroga orzamentaria, o incremento de polo menos 200 millóns, para dar cumprimento aos acordos orzamentarios do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Acordo que o Goberno de España incumpriu, a pesar de ser votado a favor polo Partido Popular.

Á súa vez, hai que destacar e denunciar que na proposta de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, incúmprese de novo o compromiso orzamentario comprometido no pacto.

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España a que nos Orzamentos Xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas e aos concellos, se destinen, vía transferencias un incremento anual de 20 millóns de euros para os concellos e 100 millóns de euros destinados ás comunidades autónomas.

Tal como figura no acordo do acto que di textualmente: "*Os Orzamentos Xerais do Estado, destinarán ás comunidades autónomas un incremento anual de 100 millóns de euros durante os próximos cinco anos para o desenvolvemento ou ampliación das medidas recollidas neste pacto*.".

2.- Trasladar á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o acordo do Pleno do Parlamento, para a solicitude dunha convocatoria urxente da Conferencia Sectorial de Igualdade, específica ao obxecto de tratar a situación orzamentaria para o Pacto Contra a Violencia de Xénero.

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 10/04/2018 19:04:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29204
Data envio: 10/04/2018 19:05:43.321

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 10/04/2018 19:04:19

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2018 19:04:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2018 19:04:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2018 19:04:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2018 19:04:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29211
Data envío: 10/04/2018 19:45:43.602

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos

A estrada N-120, no tramo Monforte – Ourense, ven sufrindo desprendementos dende fai anos, provocando accidentes de diversa consideración, e riscos para o conxunto dos usuarios.

No ano 2011, a estrada chegou a sufrir ata catro desprendementos en nove meses, e en anos posteriores se sucederon os mesmos, dando lugar a que se instalaran mallas metálicas de protección dos taludes, naqueles puntos que entrañaban maior risco de derrube.

Tamén se sinalizou a vía, advertindo do risco de desprendementos, se construíron muros de contención ou mesmo valos metálicos de separación da calzada respecto dos taludes.

Nos últimos meses, se suceden os desprendementos. Aconteceron no mes de decembro e no mes de marzo. Este sábado, tense producido un gran derrube dun talude, que deixou un ferido e danos en dous vehículos. O día seguinte, un novo desprendemento obrigou a cortar un carril e regular o paso alternativo con un semáforo.

A realidade é, que as ladeiras laterais que delimitan este vial, presentan unha forte pendente, con rocas que sobresaen e que por efecto dos axentes meteorolóxicos chegan a desprenderse, sendo insuficientes as mallas metálicas para contelas, cando o seu peso e tamaño é considerable.

A presente iniciativa ten por obxecto, instar ao Ministerio de Fomento, como titular da vía, para que adopte medidas de estabilización do terreo, nos taludes da N-120, a fin de garantir a seguridade viaria desta estrada no tramo entre Monforte e Ourense.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento, a fin de que proceda a adoptar as medidas de estabilización do terreo necesarias, nos taludes da N-120 entre Monforte e Ourense, a fin de garantir a seguridade viaria desta estrada".

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/04/2018 19:43:31

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/04/2018 19:43:41

Martín Fernández Prado na data 10/04/2018 19:43:49

Jaime Castiñeira Broz na data 10/04/2018 19:43:56

Jacobo Moreira Ferro na data 10/04/2018 19:44:03

Marta Novoa Iglesias na data 10/04/2018 19:44:14

Gonzalo Trenor López na data 10/04/2018 19:44:24

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/04/2018 19:44:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:43
Nº Rexistro: 29128
Data envío: 10/04/2018 12:43:10.119

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a salubridade na auga dos centros docentes galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno da Xunta é manifestamente incapaz de garantir a seguridade dos nenos e nenas que acoden á escola en Galicia. Así o demostran os numerosos perigos que se levan denunciando dende fai tempo. Recentemente, Fomento viuse na obriga de pechar o terceiro carril da AP-9 que pasa por Chapela polo risco que supoñía para o colexio da Igrexa, que alí se atopa; no CEIP da Ribeira, en Torneiros (Porriño), tívose que pechar unha aula, así como outros espazos, a causa das gretas; e na cidade de Vigo tres colexios prohibiron consumir auga da billa porque contiña altos niveis de ferro.

Que todo isto sucederá nun lapso breve de tempo di moito e moi malo acerca da xestión que fai o Partido Popular da seguridade nos colexios. É obvio que non está levando a cabo as tarefas de planificación e prevención que lle corresponden: a ampliación da AP-9 non se tería que ter aberto á circulación; os danos do CEIP da Ribeira, froito, segundo parece, das filtracións de auga, terían que ter sido atallados de raíz; e a auga das billas tería que ter garantida a súa potabilidade. Non basta con ofrecer solucións improvisadas aos problemas que van xurdindo nos colexios. Unha política responsable ten que evitar que tales incidencias sucedan.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:43
Nº Rexistro: 29128
Data envío: 10/04/2018 12:43:10.119

Só en Vigo, máis dun millar de estudantes víronse afectado pola contaminación da auga dos colexios Ría de Vigo, Carrasqueira e San Salvador. A contaminación produciuse porque o metal acumulábase nas tubaxes e desprendíase das capas interiores, polo que tiñan que ser cambiadas, algo que é competencia da Xunta. A cuestión é por que isto non se fixo ao seu debido tempo; por que se tivo que esperar a que miles de rapaces e rapazas se virán afectados para comezar a estudar os casos e tomar medidas.

Un caso semellante aos acontecidos en Vigo foi detectado tamén no colexio Rosalía de Castro de Carril. A normativa establece en 600 micro-gramos por litro de auga os valores máximos de ferro permitidos. No colexio rexistráronse 1.440 micro-gramos. O incidente xa é o bastante grave por si só, pero é que ademais os pais e nais dos alumnos recibiron unha información moi deficiente ao respecto. Foron eles os que tiveron que estar enriba de Educación e Sanidade para lograr coñecer o que sucedía.

O que sucedeu nos centros educativos mencionados non son problemas illados, senón que son o síntoma (outro máis) dun problema estrutural e político: o Partido Popular non ten o menor interese e coidar do que é publico. O seu obxectivo é patrimonializar as institucións e sacarlles canto maior rédito privado mellor.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a revisar a salubridade da auga de todos os centros de máis de 25 anos de antigüidade.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:43
Nº Rexistro: 29128
Data envío: 10/04/2018 12:43:10.119

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 12:37:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 12:37:44

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 12:37:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29225
Data envío: 11/04/2018 12:26:45.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á Fundación Colonias Escolares de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Padroado das Colonias Escolares de Pontevedra é un proxecto educativo e benéfico creado por Manuel Barreiro Cabanelas na parroquia de Covelo, concello da Lama. Logo de cumprir unha importante función social para a educación, o lecer e a formación profesional de moitos nenos e nenas, especialmente de familias humildes, o proxecto iniciou unha etapa de decadencia a comezos do presente século, até que a partir de 2009 deixou de ter actividade.

Ademais do valor histórico, patrimonial, social e educativo, o proxecto conta con varios edificios e espazos que actualmente se encontran nun estado de absoluto abandono. Unha situación na que ten a máxima responsabilidade a Xunta de Galiza, xa que a maior parte dos integrantes do Padroado son funcionarios da administración autonómica.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29225
Data envío: 11/04/2018 12:26:45.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Logo da publicación no DOG do anuncio do acordo de extinción e posterior liquidación da Fundación, consideramos que houbo "irregularidades manifestas" na xuntanza do Padroado na que se acordou iniciar o procedemento de extinción da Fundación Padroado de *Colonias Escolares* de Pontevedra.

Ao entender do BNG hai moitos puntos escuros no acordo adoptado, como o que fai referencia ás contas da Fundación e á distribución dos seus bens. A este respecto, na acta recóllese a proposta do Presidente de trasladar ao Protectorado de Fundacións a disponibilidade do concello da Lama a facerse cargo do patrimonio e xestión da Fundación. Está claro que se trata dunha alternativa inviábel pola carencia de medios e mesmo de competencias do Concello para facer fronte a un proxecto desta natureza. O lóxico sería ou ben ampliar o padroado coa integración de diversas entidades e institucións, ou crear unha nova entidade pública e sen ánimo de lucro que se faga cargo dos bens e das finalidades sociais e educativas das Colonias Escolares.

O obxectivo final destas medidas ten que ser rematar co proceso de abandono e deterioro que sofren os bens da Fundación situados na parroquia de Covelo (A Lama) e estudar as vías para o renovación, relanzamento e dinamización do proxecto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29225
Data envío: 11/04/2018 12:26:45.045

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a deixar sen efecto o acordo de extinción da Fundación Colonias Escolares de Pontevedra e estudar a reformulación do proxecto, a recuperación dos edificios que actualmente están abandonados e diversas posibilidades para a súa dinamización."

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 12:15:28

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 12:15:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:26
Nº Rexistro: 29225
Data envio: 11/04/2018 12:26:45.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 12:15:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 12:15:37

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 12:15:38

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 12:15:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:55
Nº Rexistro: 29231
Data envío: 11/04/2018 12:55:11.436

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 23/2016 de 25 de febreiro obriga ós montes veciñais a reinvestir, cando menos, o 40% de tódolos ingresos cun documento complicado e farragoso que ben parecera te-lo obxectivo de que as Comunidades de Montes non o cubrisen ou que o cubrisen mal para así incumpri-la norma e non poder ter acceso a axudas e subvencións.

Nesta norma obrígase a contempla-la cuantía das subvencións recibidas pola comunidade veciñal coma un ingreso máis do que hai que investir en mellora e protección forestal o 40%. Isto en si é unha aberración pois as subvencións son finalistas, é dicir, débese investi-la cuantía da axuda ou subvención recibida no obxecto para o que foi concedida.

As cuantías das expropiacións son xeralmente elevadas. O decreto de reinvestimento obrigado na mellora e protección forestal marca que o xa citado 40% desta cuantía hai que investila nun ano ou se a Administración Forestal o admite, en 4 anos. Esta obriga supón non entender o monte, no que catro anos son un periodo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:55
Nº Rexistro: 29231
Data envío: 11/04/2018 12:55:11.436

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínimo de tempo. Ter que investilas nun ou en catro anos equivale a impedir o logro dun monte multifuncional e sustentable.

Poñer tamén nos 4 anos o tope máximo de inversión da totalidade dos ingresos recibidos por madeira queimada, na práctica significa que moitos montes veciñais en man común, pasados 4 anos quedarán sen posibles para o mantemento das plantacións (desbroce, poda, crareo…).

Esta obriga potencia un ciclo perverso: ***lume–replantación– abandono–lume*** máis ou menos cada 10 anos, ano arriba, ano abaixo. Cos cartos obtidos da madeira queimada, deberíase permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes, elaborasen un plano de investimento por un tempo real e adecuado para asegura-la sustentabilidade da recuperación do monte queimado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal para que a tramitación sexa simple.

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro no senso de retira-la cuantía das subvencións da base impoñible e dar un período de amortización de 15 anos para ás cuantías recibidas polas expropiacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:55
Nº Rexistro: 29231
Data envío: 11/04/2018 12:55:11.436

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro no senso de permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes, elaboren un plano de investimento por un tempo real e adecuado para asegura-la sustentabilidade da recuperación do monte queimado."

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 12:52:14

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 12:52:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:55
Nº Rexistro: 29231
Data envio: 11/04/2018 12:55:11.436

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 12:52:26

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 12:52:28

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 12:52:29

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 12:52:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, a respecto da situación dos centros da Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución de 14 de xaneiro de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de decembro de 2013, sobre o réxime de control económico-financeiro aplicábel pola Intervención Xeral da Administración do Estado a determinados organismos públicos impuxo un novo sistema de control de gasto, que acompañado ao descenso de financiamento e de investimentos de anos anteriores debido á nefasta xestión da crise económica, supuxo que moitos organismos e entidades dependentes das AA.PP. tiveran unha drástica e dramática perda de posibilidades de desenvolvemento de actividades, unha perda sen precedentes de persoal non reposto e un descenso dificultosamente reparábel de liñas de investigación, desenvolvemento e innovación que hoxe en día seguen perdurando, malia as continuas novas que anuncian que a economía no Estado español ten saído xa desa crise e ten trazos de recuperación.

É o caso do Instituto Español de Oceanografía (IEO), de forma xeral para o conxunto de centros e de infraestruturas que ao longo do Estado ten distribuídas, particularmente no caso dos centros con sede na cidade da Coruña e na cidade de Vigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A xestión do IEO está baseada na centralización de gastos, impoñendo a persoal técnico administrativo, a través da figura dun interventor, para o control dos investimentos e dos gastos necesarios alén das necesidades particulares e inmediatas de cada centro, de cada laboratorio, de cada planta de cultivo ou de calquera outro tipo de infraestrutura necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas propias.

Asemade, esta centralización non só atende ao apartado económico. Máis aló. Tamén na xestión, na dotación de persoal, na investigación e en calquera das áreas nas que se estruture: control de proxectos, taxas de reposición de persoal (que non se están cumprindo) etc, e mesmo na administración do traballo do día a día, o que está dando lugar á demora sine die de tarefas e plans (retrasos de até máis dun ano e medio en "visto e prace" de proxectos, por exemplo), acumulación de tarefas, desorganización executiva, parálise estrutural e mesmo desequilibrios territoriais con centros en mínimos, tanto en persoal como de material.

Para exemplificar este escenario existen situacións diarias que son totalmente incomprensíbeis:

> A necesidade de pedir autorización de saídas ao mar que se deben cursar á sede central do organismo en Madrid que non son contestadas até pasado máis dun mes cando estas saídas deben ser formuladas para unha mesma semana por necesitar ter coñecemento das condicións meteorolóxicas e marítimas nas que se deben embarcar, que unido á inexistencia dun seguro xeral que cubra estas saídas (xa que logo se contrata individualmente e por semanas atendendo a cada unha das saídas, e que supón un incremento do gasto) non haxa unha cobertura real ao persoal laboral e produce unha paralización encuberta das saídas motivadas pola investigación ao mar

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A perda de financiamentos e subvencións europeas pola caducidade da tramitación de proxectos, o que supón un estancamento do I+D+i deste organismo co grave prexuízo para o seu prestixio e que incide directamente na economía do conxunto do Estado español, e particularmente en Galiza.

A eliminación, por parte da dirección de Madrid, da liña de investigación de cultivos de moluscos na que durante 40 aos se investigou de xeito pioneiro, sendo o centro da Coruña de referencia.

Súmese a todo o anterior outras circunstancias como a mingua de persoal producida nos últimos anos derivada de traslados ou xubilacións de persoal, que non foi en ningún caso compensada, xa que non existe ningunha bolsa de traballo que puidera garantir unha reposición de persoal, e que asegurara un servizo nas mesmas condicións, ou mesmo as propias imposicións restritivas en materia económica que dan lugar a que para este ano 2018 exista unha rebaixa orzamentaria do 30% xa que logo non se chegou a executar todo o gasto previsto para o ano 2017, algo que se amosa tendencia desde o ano 2013, e que ano tras ano foi minorando o orzamento do organismo.

Os centros da Coruña e Vigo tíñanse demostrado como referentes a nivel europeo e internacional.

Vigo, na actualidade, é o centro de referencia a nivel europeo en materia de peixes e pesca, cunhas contrastadas liñas de investigación e de desenvolvemento de proxectos.

A Coruña referenciouse como planta de cultivos de bivalvos, sendo distintas entidades as que nas décadas dos anos oitenta e noventa do século pasado as que quixeron exportar o modelo investigador e os resultados que se obtiñan neste centro. O peche deste laboratorio, producido hai tres anos, supuxo un duro golpe no só ao propio centro, xa que logo o seu labor atendía ao asesoramento a confrarías e produtores e tiña rendementos obxectivos en materia industrial e económica. E así o denunciabamos a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aquela altura xa que logo a xubilación dos dous investigadores que lideraban as liñas de estudo do departamento de cultivos do centro deu lugar ao cesamento da actividade investigadora da entidade. Preocupabamos e preguntabamos no propio Parlamento de Galiza polo futuro do centro na Comisión de Pesca. E perdéronse os estudos da bioloxía do cultivo en especies de moluscos como a ameixa, o mexillón, a vieira, a voandeira ou a zamburiña que convertían o IEO da Coruña nun único organismo estatal con capacidade para asesorar neste ámbito.

E a respecto de persoal, o centro da Coruña chegou a ter, por exemplo, até 16 tripulantes do seu barco de investigación, quedando na actualidade tan só un.

Asemade, a oferta de emprego aprobada a nivel estatal, que chega até as 25 prazas, non prevé ningunha para os centros galegos. Súmese a isto a indecencia das asignacións anuais para as obras de remodelación do propio centro da Coruña adiantadas nos Orzamentos Xerais do Estado para 2018, asignación plurianual incumprida, obviando os investimentos fundamentais, desaparecéndose as axudas no I+D+i, minguándose constantemente ao apoio ás liñas investigadoras ou abandonándose o traballo científico.

Ante toda progresión de acontecementos, o propio Bloque Nacionalista Galego presentou en sede parlamentaria a proposta da transferencia a Galicia por parte do Estado dos servizos e funcións en materia de investigación oceanográfica, aprobándose por unanimidade en marzo de 2016, na Comisión de Pesca, instar a la Xunta a demandar ao Goberno central a transferencia das funciones, medios e persoal dos centros costeiros do Instituto Español de Oceanografía en Vigo e A Coruña, así como do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo.

Mais todas estas iniciativas non chegaron a concretarse e efectivizarse, perpetuándose e gravándose no tempo o abandono, as problemáticas, os recortes e a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envío: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centralización denunciadas, o que levou, novamente, a que as traballadoras e traballadores do Instituto Español de Oceanografía saíran publicamente a se manifestar e a denunciar a situación que están sufrindo, protagonizando en marzo concentracións diante dos seus centros, e a se mobilizar na demanda de maior investimento e en contra das políticas de recortes que se practican desde o Goberno do Estado.

Asemade, dáse o caso singular de que neste 2018 o centro IEO da Coruña cumpre o seu 50 aniversario e que leva ao centro a preparar actividades, organizar visitas ao buque oceanográfico, á divulgación científica con xornadas de portas abertas do propio centro á veciñanza en xeral, coa programación de visitas de colexios e centros de ensino, a participar do día da ciencia etc, sen outro obxecto que a pedagoxía, o espallamento da ciencia e a universalización dos coñecementos que se acumulan nos máis de cen anos de creación do IEO. Mais todas estas actividades, agora mesmo están paralizadas e pendentes de se levar ao cabo xa que non existe capacidade, nin económica, nin material, para facelo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno a respecto da situación dos centros da Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Demandar ao Estado español o traspaso de competencias para a total xestión económico administrativa dos centros do Instituto Oceanográfico Español hoxe en día en Galiza co obxecto de que pasen a formar parte da estrutura propia da Xunta

-Instar ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español, mentres non se dea traslado das competencia en xestión económico

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envio: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administrativa a iniciar un proceso de descentralización dos centros e das infraestruturas do Instituto Oceanográfico Español, nomeadamente para os centros e infraestruturas con sede en Galiza, na cidade da Coruña e na cidade de Vigo, para seren xestionados segundo as súas propias necesidades.

-Instar ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade do Estado español, a atender ás demandas das traballadoras e dos traballadores dos centros do IEO, nomeadamente as referidas á creación dunha bolsa de emprego, ao aumento en investimentos en I+D+i e a atención prioritaria para a aprobación áxil de proxectos e no deseño dun modelo actualizado, coa necesaria modernización no sistema de xestión e na estrutura do organismo."

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29235
Data envio: 11/04/2018 13:07:44.592

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 13:06:28

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 13:06:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 13:06:33

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 13:06:34

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 13:06:35

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 13:06:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 17:16
Nº Rexistro: 29254
Data envio: 11/04/2018 17:16:50.508

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Recentemente aprobouse o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado polo RD 106/2018, do 9 de marzo, e en base ao acordado na Conferencia sectorial estatal, e a Galiza correspóndenlle o 5,7%, do total de fondos, isto é 82.251.000€.

En dito Plan, cuxa execución debe ser obxecto de Convenio coa Xunta, prevese expresamente posteriores convenios cos concellos para tres programas.

Ditos programas son:

- Programa de fomento do parque de vivenda en aluguer.

- Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade.

- Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.

A Xunta anunciou que o convenio de colaboración para a execución do plan, entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, está sendo obxecto de tramitación, estimándose a súa sinatura neste mes de abril.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 17:16
Nº Rexistro: 29254
Data envío: 11/04/2018 17:16:50.508

O desenvolvemento, execución e aplicación de dito Plan Estatal esixe necesariamente a aprobación nas normas regulamentarias e das bases reguladoras dos correspondentes programas, que substitúan ás actualmente vixentes (de execución do Plan anterior 2013-2016), caso do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, ou da Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas.

Normas regulamentarias que, dada a súa transcendencia para os posteriores convenios coas entidades locais, deberían ser obxecto tanto de negociación previa coa FEGAMP como de participación pública e de consulta cos propios concellos.

Sen que conste negociación previa coa FEGAMP, o Consello da Xunta do 22 de marzo acordou xa a distribución das axudas previstas polo Plan estatal de vivenda 2018-2021 para Galicia, co compromiso autonómico de achegar o 23% de cofinanciamento, de xeito que o total de fondos para Galiza serían 107 millóns de € (82 millóns de euros aportados polo Estado e os restantes 25 millóns pola Xunta). Dita distribución (acordada sen que , insisto, conste negociación previa coa FEGAMP) supón destinar ao Programa de alugueiro 32 millóns (o 30%), 10,6 millóns a programas de adquisición e alugamento (10%) e o 60% restante (64,3 millóns) a programas de rehabilitación, rexeneración urbana (72,6 millóns).

Do mesmo xeito, o Consello de Ministros do pasado 23 de marzo aprobou un acordo polo que se establecen as contías máximas das axudas estatais para dito Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, fixándoas en 350 millóns de euros (2018), 357 millóns (2019), 364 millóns (2020) e 372 millóns (2021).

Por todo elo, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 17:16
Nº Rexistro: 29254
Data envío: 11/04/2018 17:16:50.508

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer coa FEGAMP unha negociación das normas regulamentarias e das bases reguladoras dos programas da execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, incluíndo o contido dos posteriores convenios.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/04/2018 17:14:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 11/04/2018 18:45:33.883

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O Parlamento de Galiza é a Cámara lexislativa da Comunidade Autónoma galega, con funcións lexislativas e de control da acción do Goberno.

As Proposicións non de lei (PNL), reguladas polo artigo 160 do Regulamento do Parlamento, son propostas de resolución que se tramitan ante o Pleno ou a Comisión competente para o seu debate e votación. O Parlamento galego tamén pode, de acordo coas voceirías dos grupos, ler propostas de resolución no Pleno. Ademais, logo da formulación dunha Interpelación, esta pode dar lugar á presentación dunha Moción ante o Pleno.

O 14 de decembro de 2016, o Parlamento de Galiza acorda a seguinte resolución, relativa á petición de indulto para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, traballadores que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal:

"Dende hai máis de dous anos convócanse en Vigo mobilizacións e concentracións para pedir o indulto de Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, traballadores que hoxe nos acompañan, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 11/04/2018 18:45:33.883

legal nunha folga do sector do transporte en 2008. En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014. Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, polo que o Parlamento de Galicia reitera a súa solidariedade con eles e coas súas familias e pronúnciase a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión."

Na sesión plenaria do 28 de decembro de 2016, a proposta de En Marea, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade instar á Xunta a abrir unha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.

O 4 de abril de 2017, o Pleno do Parlamento acordou unha moción de En Marea, co seguinte texto, instando á Xunta a:

"1. Impulsar, dende a Xunta de Galicia, un acordo dos empresarios e sindicatos no marco do consello de relacións laborais, que estableza unha senda de crecemento dos salarios reais, sostida no tempo, que permita recuperar o poder adquisitivo perdido na crise.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 11/04/2018 18:45:33.883

2. Impulsar, en colaboración coa Inspección de Traballo, actuacións contra as fraudes na contratación, es especial coas vinculadas aos contratos a tempo parcial, un factor determinante da desigualdade e a pobreza laboral.

3. A Xunta de Galicia incluirá, en todas as licitacións nas que sexa posible, cláusulas sociais que garantan o respecto das condicións salariais impostas polo convenio que resulte de aplicación, recollendo nos pregos, para os efectos previstos no artigo 152 do TRLCSP, que se considerarán desproporcionadas ou anormais aquelas ofertas que impliquen retribucións inferiores ás que resulten de aplicación do convenio colectivo do sector.

4. Que exerza un maior control sobre os contratos de formación e prácticas para o cumprimento dun dobre obxectivo: que as empresas non os empreguen como mecanismo exclusivo de redución de custos e se fomente unha inserción laboral máis estable.”

O 29 de novembro de 2017, a Comisión 5ª aprobou por unanimidade un dos puntos dunha PNL de En Marea relativa ás actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria aos doentes con dano cerebral adquirido, coa seguinte resolución:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a estudar nos primeiros meses do ano 2018 a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido."

Na función de control do Goberno, é fundamental velar polo cumprimento dos mandatos non lexislativos, PNL e mocións, pero o Regulamento da Cámara non facilita dita función.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29268
Data envío: 11/04/2018 18:45:33.883

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Presentar ante o Parlamento de Galiza un informe sobre o grao de cumprimento das Proposicións non de lei aprobadas pola Comisión 5ª dende o inicio da Xª Lexislatura até o mes de abril do presente ano 2018.

2. Presentar ante o Parlamento de Galiza un informe sobre o grao de cumprimento das Proposicións non de lei e mocións aprobadas polo Pleno da Cámara, relativos aos asuntos que competen a Política Social e Emprego dende o inicio da Xª Lexislatura até o mes de abril do presente ano 2018.

3. Executar de inmediato os acordos parlamentario da Xª Lexislatura relativos a Emprego e Política Social.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29268
Data envio: 11/04/2018 18:45:33.883

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Vázquez Verao na data 11/04/2018 18:41:37

Luis Villares Naveira na data 11/04/2018 18:41:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29276
Data envío: 11/04/2018 19:20:53.070

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre o diñeiro destinado á promoción do Día Mundial do Libro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis, o goberno de Feijóo mantén conxelado o orzamento para a tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas en 200.000 euros. Unha cifra 100.000 menor do que se dedicaba o ano que o PP voltou ao goberno da Xunta, en 2009. Porén, estes días vimos de saber que gastará 123.774,51 euros nunha campaña publicitaria en medios de comunicación co gallo do Día Mundial do Libro, que se celebra cada 23 de abril.

É dicir, que para unha campaña puntual, dun só día, o PP vai gastar o 62% do que inviste en todo un ano en estimular a tradución editorial galega. Un contrato realizado, como é xa habitual, polo método do contrato negociado sen publicidade por parte da Secretaría Xeral de Medios que depende directamente da presidencia.

Un exemplo claro da promoción da literatura que practica o Partido Popular, centrarse na publicidade ao tempo que se esquecen as axudas para a tradución de obras. Publicidade que non fai máis que aumentar, neste ano faino algo máis do dobre respecto do pasado ano, un 106%.

En concreto, en 2017 o Goberno galego gastou 60.003,89 euros (con IVE) euros na campaña en medios para a promoción do Día Mundial do Libro. A campaña

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29276
Data envío: 11/04/2018 19:20:53.070

foi adxudicada a Proximia-Havas S.L., e tivo un período de execución de tan só cinco días, a razón de 12.000 euros por día. Este ano, a execución da campaña foille adxudicada a C. Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación S.A. por un valor de 123.774,51 euros. A resolución sinala que 65.840,57 euros —o 52% do total— deberán ser investidos no medio máis decadente, a prensa en papel, mentres que 19.824,04 euros —tan só o 16%— serán para pagar publicidade en edicións dixitais. O resto vai para radio.

Todo isto á par que coñecemos que na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística *Producción editorial de libros*, que recolle datos ata 2016.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Recuperar, cando menos, a partida que tiñamos para a tradución de libros ao galego en 2009.

2. Reducir as partidas destinadas a medios que anualmente se repartes mediante contratos negociados sen publicidade.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29276
Data envío: 11/04/2018 19:20:53.070

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/04/2018 19:15:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2018 19:15:45

Luis Villares Naveira na data 11/04/2018 19:15:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29281
Data envío: 11/04/2018 19:36:00.508

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A mediados de febreiro, a Xunta de Galicia autorizou a creación dunha planta de biomasa en Curtis que se espera que estea operativa en abril de 2020. A instalación tería unha potencia de 49 MW e xeraría 375,7GWh anuais, segundo os datos do propio Goberno, o que a convertería na planta de biomasa máis grande do noso territorio. O seu custe, 113 millóns de euros, correría a cargo de Greenalia, unha empresa que comezou a súa andadura no sector forestal e que agora traballa tamén no sector enerxético.

Acerca disto, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) xa advertiu que a planta de biomasa precisaría de grandes cultivos enerxéticos formados, principalmente, por especies alóctonas, como o eucalipto, e por especies invasoras como a mimosa, a acacia de madeira negra ou a falsa acacia. Tales cultivos terían que ser traballados recorrendo a grandes cantidades de abonos, auga e pesticidas, o que, xunto cos ciclos de corta reducidos de tres ou catro anos, remataría por estragar o chan e eliminar a súa fertilidade.

Precisamente en base á futura necesidade de materia prima , o alcalde xustificou a necesidade de aprobar unha modificación puntual no PXOM de Curtis, e así, o 16 de marzo do presente ano, o pleno da Corporación de Curtis aprobou dita modificación puntual, mudando as categorías de solo rústico presentes no plan xeral de ordenación municipal.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29281
Data envío: 11/04/2018 19:36:00.508

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Dita modificación elimina todo o solo rústico de especial protección agropecuaria, para favorecer o cambio de uso de moitos deses solos que pasarán a ser solo rústico de protección ordinaria.

Isto sucede nun concello e nunha comarca cunha presencia importante do sector lácteo, e cunhas explotacións que precisan, moitas delas, incrementar a súa base territorial.

Os solos con aptitude agronómica deben de ser un valor a conservar nun país onda xa 2 de cada 3 has é superficie forestal e onde o sector gandeiro ten que camiñar cara un modelo de alimentación menos dependente da importación de piensos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a denegar a Modificación Puntual Nº 7 do PXOM do Concello de Curtis publicada no DOGA de 27 de marzo de 2018, https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180327/AnuncioL132-210318-0002_es.html, por non respectar a protección de aqueles solos que teñen aptitude agronómica, e por prexudicar a sostenibilidade do sector gandeiro e agrario?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29281
Data envío: 11/04/2018 19:36:00.508

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/04/2018 19:33:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29322
Data envío: 12/04/2018 13:39:42.968

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As tecnoloxías dixitais semellan estar en todas partes pero aínda están comezando a penetrar en moitas das industrias, onde están chamadas a proporcionar importantes oportunidades. Segundo os expertos, as estratexias dixitais acabarán por ser o maior elemento diferencial das empresas e clave nas perspectivas de futuro.

O recente estudo sobre as oportunidades 4.0, elaborado pola Xunta en colaboración con Atiga, pon de manifesto que entre as barreiras percibidas polas empresas industriais para avanzar na dixitalización está o descoñecemento das novas tecnoloxías e do impacto que as mesmas teñen no seu negocio, así como a falta de recursos humanos capacitados para sacar partido das novas oportunidades.

As empresas necesitan, polo tanto, deseñar e aplicar estratexias dixitais orientadas a transformar os seus negocios e satisfacer as expectativas dos seus clientes, e non limitarse a incorporación de tecnoloxía para apoiar o negocio actual.

Esta estratexia das empresas debe ser definida e impulsada polos seus directivos, que deben coñecer e impulsar as oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital.

Cómpre recordar que a Xunta xa está a impulsar a transformación do tecido produtivo galego, a través da Axenda Industria 4.0. De feito, o primeiro plan bienal, correspondente ao período 2015-2016, serviu para impulsar múltiples accións que beneficiaron a 4.200 empresas en Galicia.

O presente plan, dotado con máis de 175 millóns de euros, está a afondar nesta transformación mediante programas de formación e de axudas aos investimentos no ámbito 4.0 que son pioneiros, e máis recentemente, tamén con novas axudas para xerar proxectos que permitan investir na dixitalización do tecido empresarial galego.

Por todo o anterior entendemos que é necesario afondar neste camiño e impulsar a preparación do capital humano das empresas galegas, especialmente dos seus

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

directivos, para sacar o mellor partido desta cuarta revolución industrial na que estamos inmersos, para tentar acelerar o seu proceso de transformación dixital e procurar que a transformación se faga sobre bases firmes.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar un programa formativo específico para concienciar a directivos e empresarios sobre as oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital".

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2018 13:37:50

Moisés Blanco Paradelo na data 12/04/2018 13:37:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/04/2018 13:38:06

Maria Antón Vilasánchez na data 12/04/2018 13:38:13

María Isabel Novo Fariña na data 12/04/2018 13:38:20

Marta Novoa Iglesias na data 12/04/2018 13:38:27

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/04/2018 13:38:34

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/04/2018 13:38:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29324
Data envio: 12/04/2018 13:40:16.734

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Romero Fernández, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Artesanía de Galicia é a marca que representa aos profesionais que conforman o sector artesán galego. O distintivo inclúe produtos de alta calidade e coidadosamente deseñados, que implican o saber facer dos nosos artesáns e artesás, pero tamén as raíces da nosa cultura e da nosa tradición.

Nun momento como o presente, caracterizado por mercados cada vez máis globalizados, a diferenciación é un valor engadido en alza que a artesanía achega debido aos seus produtos únicos. Neste contexto, a artesanía galega destaca pola produción de obras e obxectos de calidade excepcional que é valorada positivamente a nivel nacional e internacional.

A marca Artesanía de Galicia contribúe notablemente a este bo posicionamento ao ofrecer un distintivo cada vez máis recoñecido dentro e fora de comunidade, polo que debe realizarse un maior esforzo de visibilización e presenza, prestando especial atención aos establecementos comerciais, para aumentar o coñecemento e demanda polas persoas consumidores.

Nese sentido, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016 recollía o compromiso da "Consolidación, promoción, difusión e protección da marca 'Artesanía de Galicia' como imaxe única do sector artesanal galego", explicando que "A marca configúrase como garantía de calidade para os consumidores ofrecendo unha imaxe harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos en todos os mercados".

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:
"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o uso da **marca Artesanía de Galicia** nos establecementos comerciais, coa finalidade de contribuír na mellora da súa visibilidade e comercialización".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:40
Nº Rexistro: 29324
Data envio: 12/04/2018 13:40:16.734

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2018 13:34:34

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/04/2018 13:34:43

Moisés Blanco Paradelo na data 12/04/2018 13:34:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/04/2018 13:35:01

Maria Antón Vilasánchez na data 12/04/2018 13:35:08

María Isabel Novo Fariña na data 12/04/2018 13:35:14

Marta Novoa Iglesias na data 12/04/2018 13:35:21

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/04/2018 13:35:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:56
Nº Rexistro: 29342
Data envio: 12/04/2018 13:56:13.280

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Hai tempo que todas as institucións relacionadas coa lingua galega están advertindo da súa preocupante situación, cunha grave caída do seu uso sobre todo entre a xente máis nova.

Recentemente o Consello da Cultura Galega fixo público o estudo sobre prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia e agora é a Real Academia Galega a que deu a coñecer un novo estudo do Seminario de Sociolingüística, *Lingua e Sociedade en Galicia. Resumo de resultados, 1992-2016*, que presenta unha visión panorámica da situación social da lingua galega co obxectivo de identificar as tendencias que marcan a súa evolución nas últimas décadas. Neste estudo advírtese da "crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos"

A RAG ve con moita preocupación o feito de que os datos estatísticos e sociolóxicos existentes indiquen que as xeracións máis novas estean xa protagonizando "un proceso de monolingüización en castelán a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos"

As causas de todo isto non están como afirma a Xunta no feito de que as familias falen menos galego senón na escasa presenza do idioma na socialización secundaria, nomeadamente no ámbito escolar e sobre todo en determinados contextos semiurbanos, e neste senso a análise afirma que o decreto 79/2010 está a producir un retroceso nos avances conseguidos no pasado no ámbito escolar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:56
Nº Rexistro: 29342
Data envio: 12/04/2018 13:56:13.280

Tamén o Consello de Europa a través do informe do Comité de expertos sobre a aplicación da Carta das linguas rexionais e minoritarias, puxo en evidencia os efectos negativos do decreto 79/2010, así coma o descenso do uso da lingua galega, tanto entre os cidadáns como na administración pública e nos medios de comunicación.

Cremos que é necesario que a Xunta de Galicia asuma a situación que se está producindo e tome medidas para corrixir os problemas que presenta a nosa lingua e para isto consideramos fundamental que se restableza o pacto pola lingua que se rachou en 2009.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar un pacto pola lingua poñendo en marcha polo menos as seguintes accións:

1ª.) Derrogar o Decreto 79/2010, coñecido como Decreto do Plurilingüísmo, e elaborar outro no que participen todas as forzas políticas e a sociedade civil incluíndo as institucións e entidades vencelladas á lingua galega (Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega), para acadar o necesario consenso en materia lingüística.

2ª.) Elaborar e presentar, no prazo de seis meses en sede parlamentaria, un informe sobre o grao de cumprimento do Plan xeral de normalización lingüística detallando por sectores a situación real da lingua galega no seu uso como lingua oficial, co fin de adoptar as medidas necesarias para reaccionar fronte á situación de involución e deterioro que está a vivir.

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:56
Nº Rexistro: 29342
Data envio: 12/04/2018 13:56:13.280

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2018 13:55:35

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/04/2018 13:55:44

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/04/2018 13:55:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 16:39
Nº Rexistro: 29346
Data envio: 12/04/2018 16:39:56.374

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

As novas tecnoloxías da comunicación son unha ferramenta básica, e nestes momentos inescusable, para facilitar a transmisión de coñecementos e de cultura. Todos os estudos conclúen que amplas capas da poboación se achegan á cultura e á información a través de internet, e dende logo os novos formatos tecnolóxicos son fundamentais para gardar a información xestionada ou promovida polas institucións.

Tamén o son para maximizar a rendibilidade dos investimentos realizados polas institucións en cultura dado que a través deles poden multiplicarse o número de persoas aos que chegan as actividades.

Desgraciadamente, cremos que a Consellería de Cultura non está utilizado todas as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. Así, na Cidade da Cultura se realizan encontros e actos de moi diversa tipoloxía que quedan reducidos a un aforo moi limitado de público, tanto polas pequenas dimensións das infraestruturas onde se desenvolven como pola dificultade para asistir de moitas persoas que estarían, a priori, interesadas pola súa temática. Deste xeito, estes encontros son simples actos efémeros.

Consideramos que esta situación pode ter unha solución doada e de baixo custe recorrendo ás novas tecnoloxías porque non presenta dificultades organizar un arquivo permanente de vídeos e audios nas páxinas web da Consellería ou da Cidade da Cultura onde se poña a disposición de toda a cidadanía as gravacións dos encontros, xornadas, conferencias, mesas redondas ou calquera outro acto centrado na análise de calquera tema.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 16:39
Nº Rexistro: 29346
Data envío: 12/04/2018 16:39:56.374

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.) Poñer en marcha un arquivo permanente en liña nas páxinas web da Cidade da Cultura e da Consellería de Cultura dos vídeos e audios das gravacións de todos os encontros, xornadas, conferencias, mesas redondas ou calquera outro acto semellante, organizados e financiados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundacións Cidade da Cultura e a Axencia Galega das Industrias Culturais.

2ª.) Tomar as medidas oportunas para chegar aos acordos necesarios para incluír neste arquivo os eventos organizados por outras institucións públicas e privadas onde colabore economicamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou calquera dos departamentos dela dependentes, e que se celebren na Cidade da Cultura ou en calquera outra infraestrutura dependente da citada Consellería.

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2018 16:36:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/04/2018 16:39:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/04/2018 16:39:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 16:54
Nº Rexistro: 29352
Data envío: 12/04/2018 16:54:07.952

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, si non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores as que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado ao uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 16:54
Nº Rexistro: 29352
Data envío: 12/04/2018 16:54:07.952

Pese ás reunións mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisible tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dotar, as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de, polo menos, o seguinte persoal:

- Un/unha celador/a en quenda de noite
- Un/unha Tcae en quenda de mañá (Boxes)
- Un/unha Tcae en quenda de noite (Observación)
- Un/unha enfermeiro/a en quenda de noite (Filtro)
- Un/ unha enfermeiro/a en quenda de mañá e tarde (Boxes)
- Un reforzo de enfermería e Tcae na sala de Observación 4 e Anexo

2.- Dotar as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de, polo menos, o seguinte material:

- Vinte e cinco camillas
- Dez cadeiras de rodas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 16:54
Nº Rexistro: 29352
Data envío: 12/04/2018 16:54:07.952

- Doce tensiómetros (un por cada posto de enfermaría) con saturímetro.
- Dous electrocardiógrafos
- Doce carros de enfermería
- Renovación dos monitores da sala de críticos
- Renovación de respiradores críticos
- Eliminación dos cables á vista nas consultas de triaxe
- Quince paos de soros
- Vinte sillóns de acompañantes en Observación 3 e 4
- Reparación dos sillóns de acompañantes en Observación 1 e 2

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/04/2018 16:49:10

Luis Villares Naveira na data 12/04/2018 16:49:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:38
Nº Rexistro: 29359
Data envío: 12/04/2018 17:38:36.218

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un informe elaborado por expertos portugueses tralas vagas de lume de Pedrógao Grande alerta de que o cambio climático alimentará o risco de incendios durante o presente século, o que obrigará a mudar as estratexias de extinción das lapas. Na mesma liña pronunciouse recentemente Meteogalicia no seu *Informe sobre a incidencia do cambio climático nos incendios forestais*, que foi redactado a petición da comisión de estudo da política forestal e dos incendios do Parlamento. O informe basea as súas conclusións en indicadores como a temperatura, a humidade, as precipitacións, a velocidade do vento, a seca, o combustible dispoñible, as temperaturas máximas e as chuvias de verán, entre outros.

O documento elaborado por Meteogalicia subliña que o risco de incendio en Galicia será dos máis altos do sur de Europa, razón pola cal os actuais sistemas de prevención e extinción de incendios terán que evolucionar e adaptarse ás alteracións climáticas. Isto foi asumido polo propio director xeral de Ordenación Forestal, Tomás Fernández-Couto na comisión de estudo da Cámara galega, a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:38
Nº Rexistro: 29359
Data envío: 12/04/2018 17:38:36.218

pesar do cal, nos últimos meses non se observou que a Xunta de Galicia dera pasos nesa dirección.

Mentres tanto, o Congreso dos Deputados leva meses discutindo unha lei de cambio climático que parece estancada polas discusións inanes do Partido Popular. A lei foi reclamada por primeira vez na cámara no ano 2011 e foi prometida polo actual Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, no ano 2015. En todo este tempo, aínda non se concretou nada ao respecto. Seguimos, polo tanto, sen un regulamento marco que teña por finalidade a redución de emisións contaminantes.

A incapacidade do Goberno central para pactar unha lei de cambio climático supón un problema para todo o Estado, así como para o planeta, na medida na que afecta á climatoloxía global. Pero supón un risco aínda maior para Galicia, na medida na que o efecto invernadoiro favorece a proliferación de lumes. Por esa razón, non se entende a indolencia coa que a Xunta de Galicia está abordando (ou máis ben, deixando de abordar) o asunto.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a elaborar unha lei de cambio climático pactada cos demais partidos e os axentes sociais, que permita reducir as emisións contaminantes e avanzar na transición cara enerxías limpas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:38
Nº Rexistro: 29359
Data envio: 12/04/2018 17:38:36.218

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 12/04/2018 17:01:32

David Rodríguez Estévez na data 12/04/2018 17:01:40

Luis Villares Naveira na data 12/04/2018 17:01:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29362
Data envío: 12/04/2018 17:43:49.030

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os propietarios particulares e as comunidades de montes veciñais non conveniadas coa administración forestal axilizaron nos seus posibles a corta da madeira con valor comercial afectada polos lumes de outubro. O problema está nos montes conveniados onde a Xunta sacou con retraso as poxas dos lotes afectados.

Dada a saturación do mercado parte deses lotes quedaron desertos na poxa.

Este problema vese incrementado e agudizado na zona demarcada pola praga do nematodo do piñeiro que obriga a ter retirado a 1 de abril de cada ano tódalas árbores decaídas ou sintomáticas ou suceptibles de alberga-lo insecto vector.

A cuestión está en que a estas alturas toda a madeira debería estar sacada e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29362
Data envio: 12/04/2018 17:43:49.030

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratada nas industrias adaptadas ó efecto.

Pero nos montes conveniados coa administración forestal a deixadez e lentitude é desesperante favorecendo a deprezación, e perda desa madeira por non ser puxada e cortada e sacada en tempo. De outubro a abril van cinco meses e pico de adormecemento.

Non é so deste ano, é práctica que se repite teimudamente incidindo negativamente nos montes e nos propietarios.

Na zona demarcada polo nematodo e na zona tampón con Portugal a Xunta mantén acordos con Tragsa pra que acometa cada ano a retirada das árbores decaídas ou sintomáticas. Entendemos que é preciso que a Xunta consensúe coas comunidades de montes e co sector forestal cal vai se-la actuación de Tragsa nos montes afectados polos lumes pra reducir problemas e evitar conflitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- que destine os recursos necesarios e adopte as medidas extraordinarias necesarias para axudar ás comunidades de montes e propietarios forestais á retirada urxente da madeira de coníferas queimada na zona demarcada polo nematodo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29362
Data envio: 12/04/2018 17:43:49.030

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- que se reúna coas comunidades de montes da zona demarcada con superficies queimadas para dar conta das actuacións que ten planificado respecto a restauración destas zonas e para concretar cal vai ser a actuación de Tragsa nos montes afectados polos lumes."

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2018 17:42:51

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2018 17:42:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:43
Nº Rexistro: 29362
Data envio: 12/04/2018 17:43:49.030

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2018 17:42:58

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2018 17:42:59

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2018 17:43:00

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2018 17:43:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
16 ABR. 2018
Núm. 29445

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
16 ABR. 2018
SAIDA
Num. 126

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira do Medio Rural para informar **"do futuro da Política Agraria Común (PAC) en Galicia".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 16/04/2018 09:09:00

CVE: LvaJN4ZpN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 ABR. 2018
Núm. 29477

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 ABR. 2018
SAIDA
Núm. 129

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar sobre **"as directrices enerxéticas de Galicia".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, ELANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 16/04/2018 15:17:06

CVE: K6rFzvCCo6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:35
Nº Rexistro: 28970
Data envío: 06/04/2018 17:35:11.615

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os xulgados galegos semellaban páramos o xoves 5 de abril. Á folga de funcionarios e funcionarias uníronse membros da carreira xudicial e fiscal (convocados por todas as asociacións que existen), tendo como horizonte a mellora do funcionamento, imaxe e situación da xustiza.

O Goberno galego queda mudo ante estas segundas reivindicacións, pero non cala respecto da folga dos funcionarios galegos (tamén convocada por todos os sindicatos que existen) e que xa vai para dous meses. De feito, hoxe mesmo insistía en que a súa proposta cumpre o mandato parlamentario e inclúe un plan de recuperación que considera os días transcorridos dende o inicio da folga o 7 de febreiro.

O certo é que o 19 de decembro do pasado ano o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade demandar ao Goberno atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, mais este acordo unánime non se cumpre coa oferta do Goberno, a salvo os puntos 4 e 5: a oferta só propón a consolidación das prazas de máis de 3 anos; a amortización aínda non está pechada e quedan conxeladas (por xubilación ou concurso) 38 prazas das da suposta amortización; as cantidades propostas para o complemento autonómico transitorio vanse aboar en 3 exercicios (entre 2018 e 2020, cunha cláusula de revisión neste último ano) e o plan de recuperación do traballo sen facer pola folga (é dicir, a necesidade de habilitar horas extraordinarias) realmente non chega nin a un 25 %.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:35
Nº Rexistro: 28970
Data envío: 06/04/2018 17:35:11.615

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está a cumprir o Goberno galego o acordo unánime do Pleno do Parlamento de 19 de decembro de 2017?
2. Pensa o Goberno que tanto as reivindicacións dos funcionarios e funcionarias como dos membros da carreira xudicial e fiscal teñen por fin a mellora do funcionamento, imaxe e situación da xustiza en Galicia?
3. A oferta do Goberno relativa á consolidación das prazas afectará só ás de máis de 3 anos?
4. Está pechada a amortización de prazas?
5. En cantos exercicios prevé o Goberno aboar as cantidades propostas para o complemento autonómico transitorio?
6. Que plan de recuperación do traballo sen facer pola folga propón o Goberno?
7. A canto ascende a cantidade do capítulo I dos orzamentos da Xunta de Galicia para a Dirección Xeral de Xustiza que, como consecuencia da folga, xa non se vai executar?
8. En canto incrementará o gasto orzamentario para 2018 a oferta de acordo proposta polo Goberno?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/04/2018 17:28:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2018 17:28:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 17:35
Nº Rexistro: 28970
Data envio: 06/04/2018 17:35:11.615

Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/04/2018 17:28:18

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:59
Nº Rexistro: 28982
Data envío: 09/04/2018 09:59:28.126

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A nova regulación normativa das estradas en Galicia está a provocar importantes, e graves, incidencias na súa aplicación, afectando aos dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega.

Da nova regulación se derivan unha serie de prohibicións e limitacións que están a afectar as condicións urbanísticas de moitas parcelas. En concreto existe unha prohibición que afecta a parcelas lindeiras coas estradas provinciais e autonómicas, en todo tipo de solos, sexa cal sexa a súa clasificación.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia determina no seu artigo 52 que "a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes".

Esta regulación é moi similar ao réxime establecido para as autorizacións de novos accesos por parte das administracións titulares das estradas, que se recollía na normativa anterior, a Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

O Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, vai máis aló do establecido na Lei 8/2013, e no seu artigo 137 establece que "as parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas só se poderán autorizar cando o acceso rodado de todas as novas parcelas xeradas se resolva a través doutras vías distintas das estradas".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:59
Nº Rexistro: 28982
Data envio: 09/04/2018 09:59:28.126

Polo tanto, o Regulamento de desenvolvemento non está a ser concorde ca lei aprobada ao respecto e vén supor unha modificación da propia lei, xa que coa previsión incluída no artigo 137, está a prohibir as parcelacións e segregacións de parcelas con fronte a estradas provinciais e autonómicas, cando non haxa alternativa de acceso por vías doutra titularidade pública, o que non se recollía na Lei do 2013, e tampouco se recolle na regulación das estradas de titularidade estatal.

Xa se teñen dado en diferentes concellos casos de parcelacións non autorizadas polos titulares de estradas non municipais, ante a imposibilidade de acceder a estas parcelas por vías alternativas.

Un cambio polo tanto normativo, en principio sen carácter urbanístico, provoca, de facto, unha recualificación urbanística, xa que con esta imposibilidade de autorización, desaparece a posibilidade de parcelación de fincas que cumprían todos os requisitos da normativa urbanística para dita parcelación.

Esta imposibilidade de parcelación ou segregación, que lembremos ten como fin último a edificación conforme o artigo 148 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, implica de forma clara e nítida unha modificación do réxime de dereitos e deberes dos e das propietarias.

Desta forma un decreto autonómico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en reunión do 26 de maio de 2016, a proposta da persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, non só inclúe unha regulación moi diferente á lei sectorial que desenvolve regulamentariamente, senón que modifica o contido e efectos de toda a normativa urbanística en vigor en moitos, por non dicir, todos os concellos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno que o artigo 137 do Regulamento de estradas de Galicia é congruente e respectuoso coa normativa legal existente?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 09:59
Nº Rexistro: 28982
Data envio: 09/04/2018 09:59:28.126

2. Ten valorado as consecuencias que ten para Galicia?

3. É coñecedor dos problemas e cambios de cualificación urbanística para moitas parcelas en todo o ámbito galego?

4. Levou a cabo algún proceso previo de información ou colaboración ao respecto desta cuestión concreta con outras administracións?

5. Con que informes previos se contou? Neses informes, valorouse a incidencia deste artigo 137?

6. Ten pensado tomar algunha medida para anular a regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 09/04/2018 09:49:33

Raúl Fernández Fernández na data 09/04/2018 09:49:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 09:49:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 11:05
Nº Rexistro: 28991
Data envio: 09/04/2018 11:05:48.876

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Xoaquín Fernández Leiceaga, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Presidente da Xunta de Galicia: "*Pode haber lumes por descoido, pero un día como o de onte non é resultado da casualidade nin do azar. Houbo unha intensa intención de facer dano en lugares con maior impacto. Galicia está farta de nos ver ameazados ciclicamente por incendiarios que se valen das condicións meteorolóxicas cada vez que teñen ocasión. Trátase de terrorismo incendiario e Galicia non quere ningún tipo de terrorismo*".

Conselleira de Medio Rural: "*Eu son partidaria de que actúe a Xustiza. Ogallá se podan endurecer as penas. Eu sería a primeira en pedilo. Incendiarios, terroristas ou malvados, dáme igual o cualificativo*".

Fiscal Superior de Galicia: "*As dilixencias de investigación conclúen que non se pode acreditar unha planificación criminal organizada. Cando un cidadán ou político usa "Terrorismo incendiario" faino dende un punto de vista vulgar. Dende un punto de vista estritamente xurídico, obviamente isto non é terrorismo porque iso require determinadas finalidades: subverter o orde constitucional, alterar gravemente a paz pública ou provocar estado de terror na poboación e iso non foi así. Acredítase unha altísima porcentaxe de intencionalidade dos incendios investigados e as causas desa intencionalidade foron, maioritariamente, a queima de matogueira para usos agrícolas ou comportamentos próximos á piromanía, ademais de por conflitos veciñais ou relacionados coa caza*".

No informe presentado polo Fiscal Superior de Galicia na Comisión especial de Política Forestal deste Parlamento o día 2 de marzo, ademais dos matices en directo do propio fiscal (incluído non ser favorable ao incremento de penas por ser innecesario), dise o seguinte:

1. Dos 6 lumes de Vigo que analiza o documento, 4 tiveron a súa orixe na propagación de faíscas procedentes doutros focos xa preexistentes e só 2 (nas parroquias de Morgadáns, Camos e Parada) apuntan a incendios intencionados.
2. Dos outros 15 lumes analizados, realmente só 8 deles entran no concepto de intencionalidade que explicou o fiscal, é dicir, aqueles coa intención de prender lumes deliberadamente, pois a maioría terían a súa orixe noutros iniciados en Portugal e Asturias e en escapes do lume ou neglixencias.
3. O incendiario tipo en Galicia concorda co do estudo de 2007: home, de mediana ou avanzada idade, de baixo nivel cultural e sen cualificación profesional, que actúa só, relacionado dalgunha forma con actividades agrícolas ou gandeiras, veciño da localidade ou próxima ao lugar do lume e que pode reincidir no seu comportamento.
4. Un elemento fundamental e básico constitúe a necesidade de reforzar a coordinación de todos os grupos involucrados, axustando ao tempo as novas tecnoloxías.

Resulta, pois, evidente, a diferencia entre os "discursos oficiais do Goberno" e a investigación da Fiscalía da Comunidade de Galicia e nesa diferencia si semella haber "intencionalidade", pero de engano.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno galego que a orixe da vaga de lumes de outubro de 2017 foi o terrorismo incendiario?
2. É partidario o Goberno de que se endurezan as penas? Por que?
3. Seguindo os datos do Informe presentado polo Fiscal Superior de Galicia na Comisión especial de Política Forestal sobre os lumes, a intencionalidade dos mesmos e as súas causas, entende o Goberno que existiu unha intención de prender lumes deliberadamente? En que tanto por cento?
4. Seguindo os datos do Informe presentado polo Fiscal Superior de Galicia na Comisión especial de Política Forestal sobre o incendiario tipo en Galicia, que medidas e accións específicas vai poñer en marcha o Goberno? Cando?

5. Comparte o Goberno que un elemento básico constitúe a necesidade de reforzar a coordinación de todos os grupos involucrados e o axuste ás novas tecnoloxías?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Xoaquín Fernández Leiceaga
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 09:54:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/04/2018 09:54:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/04/2018 09:54:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/04/2018 09:54:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/04/2018 09:55:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29047
Data envio: 09/04/2018 13:39:55.220

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O pasado mes de marzo entrou en vigor a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen o ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

No marco da "Estratexia Europa 2020" a contratación pública desenvolve un papel clave, posto que, tal e como recolle a exposición de motivos da Lei 9/2017, se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben de ser utilizados para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso con maior racionalidade económica dos fondos públicos e, engadimos, suxeito a un completo marco de medidas de loita contra a corrupción e a fraude. Porque como tamén recoñece a Unión Europea, a contratación pública debe incrementar a súa eficiencia no gasto público, mais facilitando a participación das pequenas e medianas empresas (Pemes) e permitindo aos poderes adxudicadores empregar a contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns.

Ademais de acadar unha mellor relación calidade-prezo, esta nova lei ten como obxectivo principal lograr unha maior transparencia na contratación pública.

Lembremos que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calculaba que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que superaba incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver en moi gran medida os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29047
Data envío: 09/04/2018 13:39:55.220

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén insistindo a través das diferentes iniciativas presentadas nesta lexislatura que en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude nas compras públicas autonómicas.

No Libro IV da nova Lei de contratos do sector público establécese un novo esquema de gobernanza para o control das obrigas comunitarias na materia e combater as irregularidades na súa aplicación. Neste esquema habilítase ás comunidades autónomas para a creación da Oficina de Supervisión da Contratación, con plena independencia orgánica e funcional, que debe de render contas anualmente perante as cámaras lexislativas e os órganos de control externo. Esta oficina debe de coordinar a supervisión da contratación pública polos poderes adxudicadores do conxunto do noso sector público autonómico, podendo dar traslado á Fiscalía ou órganos xudiciais ou administrativos competentes dos feitos dos que teña coñecemento e que poidan ser constitutivos de delito ou infracción.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar novas medidas de control e supervisión da contratación no sector público autonómico no marco da nova Lei de contratos do sector público?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:39
Nº Rexistro: 29047
Data envio: 09/04/2018 13:39:55.220

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/04/2018 11:05:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/04/2018 11:06:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/04/2018 11:06:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/04/2018 11:06:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29056
Data envío: 09/04/2018 16:09:06.923

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

Os dereitos que na actualidade ten cada explotación e que para cobralos teñen que cumprir uns requisitos, é dicir, manter unha actividade agraria, ter en boas condicións as superficies declaradas e outras para producir alimentos que a UE entende necesario incentivar.

As axudas da PAC no seu conxunto, son axudas compensatorias para realizar actividades, relacionadas co coidado do medioambiente.

O Ministerio de Facenda entende que eses dereitos son un activo intanxible e cando se produce un cambio de perceptor dá lugar a un incremento patrimonial por parte de quen transmite, independentemente de si a explotación segue sendo a mesma ou non, de si a transmisión se produce entre conxugues en réxime de gananciais ou non, ou se esa explotación era persoa física e pasa a ser xurídica.

A cesión de dereitos adoita facerse xunto co cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, normalmente como consecuencia do cese da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc. Na maior parte dos casos esta cesión faise a favor dun membro da unidade familiar, producíndose un simple cambio de titularidade administrativa, tanto da explotación como dos dereitos de pago único.

É moi común a cesión de dereitos entre conxugues casados en réxime de gananciais; nestes casos a pesar de que tanto a explotación como os dereitos de pago único teñen carácter de gananciais e resulta claro que continúan pertencendo á sociedade de gananciais a pesar do cambio de titularidade administrativa. A AEAT entende que existe transmisión e esixe o pago pola ganancia patrimonial que nunca se produciu.

O mesmo ocorre coas achegas á sociedades (normalmente civís) na que continua participando o mesmo titular dos dereitos.

Hai que subliñar que no impreso denominado “Comunicación de cesión de dereitos de pago único” e establecido pola Xunta de Galicia, recóllense diferentes supostos para rexistrar a cesión entre os que se atopa: cambio de denominación ou personalidade

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29056
Data envio: 09/04/2018 16:09:06.923

xurídica (matrimonios en réxime de gananciais e explotacións de titularidade compartida.

A AEAT entende que os dereitos de pago único son un elemento patrimonial afecto á actividade agropecuaria e que o dereito de percepción constitúe un activo intanxible (como un dereito de propiedade industrial ou intelectual).

A natureza xurídica dos dereitos de pago único é difícil de encadrar e varía segundo se analice desde o dereito civil, administrativo ou desde o dereito comunitario, pero o certo é que desde o acordo coa normativa europea que os regula teñen unha finalidade remuneratoria ou compensatoria da actividade agropecuaria, dando lugar a un dereito de pago periódico ou dereito de crédito fronte á Administración, a crédito monetario que os afasta do concepto de activo inmaterial.

Por todo iso os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que ten pensado facer o Goberno galego para rematar con esta situación que provoca un grave prexuízo económico ás explotacións que fan transferencia dos dereitos de pago único dentro da mesma explotación ou sociedade?

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 09/04/2018 16:08:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/04/2018 16:08:34

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29076
Data envío: 09/04/2018 17:57:20.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado: a de Meirama, posta en marcha en 1980 e máis a das Pontes, sendo postos en marcha os seus diferentes grupos a partir de 1976. Esta forma de xeración ten un importante impacto no medio ambiente debido á alta emisión de CO2 e de gases causantes de acidificación. Polo tanto, a modernización para a redución destas emisións así como a modernización de cara a unha futura e necesaria transición enerxética debe ser unha preocupación dos poderes públicos.

Máis aínda, cómpre lembrar os obxectivos fixados para 2020 e 2030 aos que o Estado Español se comprometeu a nivel europeo. Por exemplo, os obxectivos para o ano 2020 estabelecen a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro como mínimo nun 20% respecto dos niveis de 1990, a mellora da eficiencia enerxética nun 20% e a obtención a partir de renovábeis dun 20%. A falta de impulso dunha política enerxética coherente e estábel por parte do Estado e da Xunta de Galiza non garanten a día de hoxe a adaptación das fontes de xeración galegas a estes parámetros, o mantemento dos postos de traballo e a adaptación ao futuro.

Recentemente, observamos como no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 contémplase unha *Disposición adicional nonaxésima oitava* canto a *Medidas no ámbito sectorial do carbón*. Neste apartado recóllese que o Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29076
Data envío: 09/04/2018 17:57:20.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promoverá mecanismos de apoio de até 10 millóns de euros para a redución das emisións medioambientais nas centrais térmicas do carbón, baixo os criterios e límites que prevé a Unión Europea canto aos límites previstos na normativa de axudas. Porén, polo contemplado na disposición e a referencia ao Real Decreto 675/2014 semella que Galiza estará excluída no que constitúe un novo agravio comparativo. Cómpre recordar que en outubro de 2013 asinouse o novo Plan do Carbón 2013-2018 por un importe de 250 millóns de euros para infraestruturas. No dito Plan o ámbito territorial son ás Comunidades de Aragón, Asturias, Castela-León e Castela-A Mancha e nel que Galiza pasou de ser un axente máis a entrar nunhas indefinidas "actuacións concretas de *carácter excepcional en Andalucía, Catalunya e Galiza, sempre que a súa relevancia ou seu grado de avance o xustifiquen"* que non ofreceron nin ofrecen garantías para os retos en materia de reconversión mineira que precisa o noso país ao ter varias comarcas dependentes da produción a partir de carbón, malia ser a día de hoxe de orixe importada.

Para o Bloque Nacionalista Galego é fundamental garantir que Galiza poida ser receptora deste tipo de incentivos e de non ser así constituiría un novo agravio comparativo.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

-Que vai facer o goberno galego para garantir que o Estado español non exclúe Galiza das axudas para favorecer a adaptación das centrais térmicas á redución das emisións medioambientais que exixe a Unión Europea?

-Coñecer o goberno galego a *Disposición adicional nonaxésima oitava* canto a *Medidas no ámbito sectorial do carbón*? Pensa que exclúe a Galiza? Ten previsto

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29076
Data envio: 09/04/2018 17:57:20.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociar algún apartado co goberno central? En que sentido? Ten enviado xa algunha consideración? En que termos?

-Considera a Xunta de Galiza que as centrais térmicas galegas están en condicións de levar a cabo a adaptación aos niveis exixidos pola Unión Europea para 2020 e 2030 sen que teña consecuencias socioeconómicas nas comarcas que delas dependen?

-Que medidas desenvolverá a Xunta de Galiza para garantir as necesarias actuacións encamiñadas á transición enerxética por parte destas empresas? Con que horizonte temporal?

-Que actuacións desenvolveu ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar unha nova discriminación con Galiza en materia enerxética?

-Que medidas executou a Xunta para impedir que os recortes do goberno do Estado afectaran aos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 17:57
Nº Rexistro: 29076
Data envio: 09/04/2018 17:57:20.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2018 17:56:52

María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2018 17:56:57

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2018 17:56:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/04/2018 17:56:59

Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2018 17:57:01

Xosé Luis Bará Torres na data 09/04/2018 17:57:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:08
Nº Rexistro: 29115
Data envío: 10/04/2018 11:08:52.241

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a fenda salarial que padece o corpo docente.

O seu comportamento revela o moito que lle importa a Feijóo a educación dos galegos e das galegas. Dende o ano 2009, o Presidente da Xunta non se sentou nin unha soa vez cos docentes para negociar con eles melloras das súas condicións laborais. Nin unha soa vez. A crise pasou, segundo se empeña en dicir o Partido Popular, pero a súa actitude cara educación segue a ser a mesma: recortar e desmantelar ata que a educación pública de calidade sexa só unha borrosa lembranza do pasado.

O desleixo cara a educación do Partido Popular é particularmente grave porque as mestras e os mestres galegos son os segundos que menos cobran do Estado. Os docentes de secundaria afrontan un agravio comparativo semellante: son os terceiros con menor salario. No polo oposto atópanse os vascos e os navarros. A fenda salarial entre uns e outros é de ata 400 euros, no caso dos mestres e mestras, e de 500 euros, no casos dos docentes de secundaria. Estes últimos cobran en Galicia unha media de 2.276,1 euros, fronte aos 2.757,7 euros que cobran os vascos. Ao ano, isto supón unha diferenza de ata 6.000 euros, diferenza que supón 200.000 euros menos ao final da carreira laboral para os galegos e galegas que imparten clase nos nosos institutos.

A fenda ensánchase aínda máis se temos tamén en conta que algunhas comunidades contan cunha carreira profesional retribuída e outras non. Así,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:08
Nº Rexistro: 29115
Data envío: 10/04/2018 11:08:52.241

existen complementos por formación permanente nalgúns territorios que non existen noutros (como os sexenios). As titorías, a coordinación do nivel ou do ciclo, a xefatura do departamento, a residencia ou a perigosidade tamén se retribúen de xeito distinto en función do lugar.

Nun momento como o actual, no que outros colectivos de funcionarios están conseguindo melloras substantivas das súas condicións de traballo, equiparando os salarios dos profesionais do conxunto do Estado, cómpre defender tamén os dereitos laborais dos mestres e docentes galegos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Interpelación:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da fenda salarial da que son vítimas os mestres e docentes galegos?
- Pensa facer algo para estreitala?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:08
Nº Rexistro: 29115
Data envío: 10/04/2018 11:08:52.241

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 11:02:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 11:02:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:39
Nº Rexistro: 29123
Data envío: 10/04/2018 12:39:38.960

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a salubridade da auga nos centros escolares.

O Goberno da Xunta é manifestamente incapaz de garantir a seguridade dos nenos e nenas que acoden á escola en Galicia. Así o demostran os numerosos perigos que se levan denunciando dende fai tempo. Recentemente, Fomento viuse na obriga de pechar o terceiro carril da AP-9 que pasa por Chapela polo risco que supoñía para o colexio da Igrexa, que alí se atopa; no CEIP da Ribeira, en Torneiros (Porriño), tívose que pechar unha aula, así como outros espazos, a causa das gretas; e na cidade de Vigo tres colexios prohibiron consumir auga da billa porque contiña altos niveis de ferro.

Que todo isto sucedera nun lapso breve de tempo di moito e moi malo acerca da xestión que fai o Partido Popular da seguridade nos colexios. É obvio que non está levando a cabo as tarefas de planificación e prevención que lle corresponden: a ampliación da AP-9 non se tería que ter aberto á circulación; os danos do CEIP da Ribeira, froito, segundo parece, das filtracións de auga, terían que ter sido atallados de raíz; e a auga das billas tería que ter garantida a súa potabilidade. Non basta con ofrecer solucións improvisadas aos problemas que van xurdindo nos colexios. Unha política responsable ten que evitar que tales incidencias sucedan.

Só en Vigo, máis dun millar de estudantes víronse afectado pola contaminación da auga dos colexios Ría de Vigo, Carrasqueira e San Salvador. A contaminación

produciuse porque o metal acumulábase nas tubaxes e desprendíase das capas interiores, polo que tiñan que ser cambiadas, algo que é competencia da Xunta. A cuestión é por que isto non se fixo ao seu debido tempo; por que se tivo que esperar a que miles de rapaces e rapazas se virán afectados para comezar a estudar os casos e tomar medidas.

Un caso semellante aos acontecidos en Vigo foi detectado tamén no colexio Rosalía de Castro de Carril. A normativa establece en 600 micro-gramos por litro de auga os valores máximos de ferro permitidos. No colexio rexistráronse 1.440 micro-gramos. O incidente xa é o bastante grave por si só, pero é que ademais os pais e nais dos alumnos recibiron unha información moi deficiente ao respecto. Foron eles os que tiveron que estar enriba de Educación e Sanidade para lograr coñecer o que sucedía.

O que sucedeu nos centros educativos mencionados non son problemas illados, senón que son o síntoma (outro máis) dun problema estrutural e político: o Partido Popular non ten o menor interese e coidar do que é publico. O seu obxectivo é patrimonializar as institucións e sacarlles canto maior rédito privado mellor.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Interpelación:

- Cales son os protocolos da Xunta para garantir a salubridade da auga dos centros públicos?
- Por que non detectaron a tempo o que sucedía nos centros que tiveron que prohibir o consumo de auga da billa?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:39
Nº Rexistro: 29123
Data envio: 10/04/2018 12:39:38.960

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 11:39:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 11:39:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:58
Nº Rexistro: 29129
Data envío: 10/04/2018 12:58:51.977

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación que atinxe o FEVE en Galiza e as medidas que adoptou o Goberno galego para garantir unha xestión deste servizo que responda ás necesidades de mobilidade da poboación

As constantes supresións e cancelacións de servizos no tren de ancho métrico (antigo FEVE) continúan a sucederse en 2018 rexistrándose un promedio de 2,5 incidencias diarias.

A falta de maquinistas, o mal estado das vías, as constantes avarías nas máquinas, os recortes orzamentarios e a falta de investimentos xunto con frecuencias e horarios que non atenden as necesidades de mobilidade da poboación nas comarcas que atravesa (A Mariña, Ortegal e Ferrolterra) sitúanse como principais causas do esmorecemento deste servizo ferroviario.

E fronte ao progresivo desmantelamento do servizo, a Mesa de traballo conxunta constituída despois da presión exercida por parte dos concellos, non está a servir (após un ano da súa creación) para pór solucións reais e efectivas garantindo o futuro do FEVE.

Desleixo político que se reflicte na proposta trasladada por Renfe no encontro desenvolvido en abril de 2018. Un documento no que se inclúen estatísticas de uso do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:58
Nº Rexistro: 29129
Data envío: 10/04/2018 12:58:51.977

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo, sen indicar nin sequera o período de tempo analizado, no que se exclúe dos datos a comarca da Mariña e na que se propón unha contraoferta de horarios á presentada pola Plataforma na defensa do tren Ferrol-Ribadeo insuficiente e parcial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza o estado no que se atopa actualmente o tren de ancho métrico en Galiza?

- E as previsións deste servizo de cara ao futuro?

- Que valoración fai o Goberno galego das incidencias rexistradas desde a creación da Mesa de traballo conxunta arredor do FEVE?

- Que propostas ten defendido a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Infraestruturas, na devandita mesa de traballo?

- Como valora a proposta achegada no mes de abril por Renfe en resposta ás demandas dos concellos e da Plataforma en defensa do ferrocarril Ribadeo-Ferrol?

- Que posición e propostas defenderá a partir de agora a Xunta de Galiza para garantir o futuro do FEVE, a súa planificación e xestión?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 12:58
Nº Rexistro: 29129
Data envio: 10/04/2018 12:58:51.977

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2018 12:53:47

María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2018 12:53:52

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2018 12:53:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/04/2018 12:53:55

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2018 12:53:57

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2018 12:53:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 29135
Data envío: 10/04/2018 13:05:34.430

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre o cambio de nome no centro escolar Salvador Moreno.

A sombra alongada do franquismo esténdese aínda pola nosa xeografía. Son moitas as rúas e institucións que, coa conivencia explícita do Partido Popular, homenaxean a militares golpistas e a partidarios da ditadura, vulnerando dese xeito a Lei de Memoria Histórica. É o caso do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria "Salvador Moreno", de Pontevedra.

Recentemente, En Marea esixiu no Congreso que se mudara o nome dese centro por facer referencia a un militar franquista responsable de milleiros de mortes. Como cabería esperar, o Goberno do Partido Popular respondeu que non se ía tomar unha medida semellante e aproveitou para eloxiar a figura do golpista. Na súa contestación escrita á iniciativa de En Marea dixo literalmente:

> "En relación con a información interesada, se señala que el Centro de Educación Primaria y Secundaria Obligatoria "Salvador Moreno" recibió su nombre por la contribución que esa persona realizó a la Armada en general y a la enseñanza en particular.
> En concreto, el establecimiento de la Escuela Naval Militar en su actual ubicación en Marín (Pontevedra) fue una decisión que contó con la implicación directa y personal del almirante Salvador Moreno Fernández, ministro de Marina de la época. Su construcción supuso un gran impulso social y económico para la localidad de Marín y, parcialmente, para Pontevedra, ya que conllevó la construcción de barriadas para el personal civil y militar de la Escuela en ambas localidade, un hospital para la

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 29135
Data envío: 10/04/2018 13:05:34.430

atención de las familias y el propio centro de educación objeto de la pregunta.

Ese legado y servicio a la Armada y a la sociedad es el que fue tenido en cuenta para dar nombre a dicho centro, sin que en modo alguno suponga ello ninguna forma de exaltación de la sublevación militar, de la Guerra Civil, ni de la represión de la Dictadura".

A loa a Salvador Moreno que realiza o Goberno de Rajoy na súa resposta escatima algúns dos detalles máis salientables da súa biografía, como, por exemplo, que participou dende o primeiro momento na sublevación militar contra o goberno democrático da Segunda República; que dirixiu a rebelión no Arsenal de Ferrol; que bombardeou Xixón a bordo do cruceiro Almirante Cervera; que masacrou a 5.000 persoas que fuxían de Malaga ao fronte do Canarias; ou que no ano 2008 foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputados pola Audiencia Nacional por detención ilegal e crimes contra a humanidade cometidos durante a Guerra Civil e a Ditadura. Todo isto foi convenientemente esquecido polo Goberno central, que prefire defender a figura do militar presentándoo como un adaíl da educación.

Por desgraza, nada disto nos sorprende. Xa no ano 2002, cando o pleno municipal de Pontevedra votou a favor de cambiar de nome da rúa Salvador Moreno, o Partido Popular defendeu a figura do persoeiro franquista. O concelleiro do PP municipal Celestino Lores chegou a dicir que mudar o nome da rúa era un acto de irresponsabilidade e unha falta de respecto cara a familia do damnificado. Pediu, incluso, que o goberno local se desculpase coa súa familia polo dano a súa imaxe. Tempo despois, o propio Mariano Rajoy afirmou que non entendía por que se cambiara o nome da rúa:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 29135
Data envío: 10/04/2018 13:05:34.430

"Vivín moitos anos a carón da Escola Naval de Marín, na rúa Salvador Moreno de Pontevedra. Agora, non se sabe por que, quitáronlle a ría ao Almirante Salvador Moreno. Pero, en fin, eu sígolle chamado así".

En calquera caso, a previsibilidade da resposta dos populares no que respecta ao centro Salvador Moreno non fai que a súa postura deixe de ser inaceptable. A Lei de Memoria Histórica debe aplicarse neste caso, como en tantos outros, para restablecer a dignidade das vítimas do franquismo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a decisión do Goberno central de non aplicar a Lei de Memoria Histórica no caso do Centro de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria "Salvador Moreno" de Pontevedra?
- Pensa que a figura do militar golpista debe ser eloxiada?
- Considera que se trata dunha figura digna de admiración ou dun modelo para os rapaces e rapazas?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 13:05
Nº Rexistro: 29135
Data envío: 10/04/2018 13:05:34.430

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 13:01:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 13:01:45

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 29189
Data envío: 10/04/2018 17:26:51.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á atención da infancia emigrada.

O artigo 3 da Constitución establece a obrigación de todos os españois de coñecer a lingua española, ademais de sinalar aos poderes públicos como garantes da educación dos cidadáns españois.

Na mesma liña, o Estatuto de Galicia, establece, no seu artigo 5 que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, sinala a responsabilidade do Estado e as comunidades autónomas para que os residentes españois no exterior conten cunha adecuada atención educativa e insta a que se facilite a súa integración no sistema educativo español.

Esta mesma lei recoñece na súa exposición de motivos que, no movemento de retorno acaecido nos anos 80 coa chegada da democracia, "a pesar de que este proceso ten lugar nun contexto económico favorable para España, non se adoptaron as medidas necesarias para atender integralmente ao devandito

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 29189
Data envio: 10/04/2018 17:26:51.696

retorno" e establece unha serie de pautas e obrigacións para que as Comunidades Autónomas coordinen plans integrais de retorno que "permitan coordinar actuacións para un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos, garantindo o regreso a España nas condicións máis favorables".

Nese senso cabe entender a Lei de galeguidade, a Lei 7/2013, de 13 de xuño. Lei, que no artigo 57 establece:

> A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá medidas de apoio nos ámbitos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e galegas residentes no exterior e facilitará a súa integración na sociedade galega nos termos que regulamentariamente se determinen.

Segundo os datos publicados polo INE o pasado 20 de marzo do presente ano, a data do 1 de xaneiro de 2018, 154.312 persoas nacidas en Galicia atópanse agora vivindo no estranxeiro. Delas 2287 teñen menos de 16 anos. Cifra que aumentaría a 53.193 se sumamos tamén a todas as que naceron fóra. Todos e cada un deses nenos e nenas sufrirán, do mesmo xeito que os adultos, o sentimento de dobre pertenza ou o sentimento apátrida, o desarraigamento da súa terra de orixe. É máis, en moitos casos estas nenas e nenos non chegarán a coñecer a súa terra, Galicia, nin a nosa lingua, nin a nosa riqueza cultural e, a duras penas, coñecerán aos seus familiares.

Unha nena ou un neno que crece sen coñecer a terra na que naceu ou a terra na que creceron os seus pais e onde está a súa familia directa, non sentirá nunca interese nin necesidade de retornar a ela, pois será unha terra na que non ten ningunha contorna emocional que lle sexa propia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:26
Nº Rexistro: 29189
Data envio: 10/04/2018 17:26:51.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Galicia ten unha débeda moral coas familias que se viron obrigadas a deixar a nosa terra e a obriga de facilitarlles o retorno, sempre que estes así o quixesen. Se, no específico, falamos dos menores que se viron obrigados a emigrar ou que xa naceron fóra, dita obrigación resulta necesaria xa que estes nenos non decidiron irse, pero si poden decidir volver.

Porén, a día de hoxe, o Goberno galego non ten desenvolvido unha soa medida de apoio específico ao retorno infantil nin á atención da infancia e mocidade emigrada.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Que medidas ten o Goberno galego para a atención da infancia emigrada?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 17:18:58

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29206
Data envío: 10/04/2018 19:07:10.571

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

Entre 1947 e 1964 a compañía Zeltia fabricou Lindano, cancerígeno de tipo 1 segundo a Organización Mundial da Saúde, nunha planta situada no polígono de Torneiros, no concello de Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica foron vertidas na zona e noutros puntos da rexión, empregando unha parte deste compoñente químico como material para o arranxo de estradas, orixinando focos de contaminación.

As diferentes Administracións, fai moitos anos que teñen constancia do problema de saúde pública e medioambiental que sofre o concello do Porriño e que xa se estende a mais concellos da contorna, pero as medidas para por solución ao problema seguen sen chegar. Polo contrario, o problema foi literalmente tapado, o que levou a que o ano pasado durante unhas obras de saneamento nos barrios de O Contrasto e Pereira, quedase ao aire a sustancia química, descubríndose que existen altísimas concentracións deste produto tanto na superficie como nas augas subterráneas e de abastecemento, coa consecuencia dunha exposición da poboación a altos niveis de contaminación.

Ante unha situación tan delicada, as medidas das Administracións competentes en relación á prevención e protección da saúde pública deben tomarse de xeito urxente e prioritario, levando a cabo controis á poboación todos os niveis (endocrino, neurolóxico...), baseados na evidencia científica.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29206
Data envío: 10/04/2018 19:07:10.571

Con todo, non fan máis que saír diferentes novas en relación a esa falta de medidas preventivas para o tratamento e manexo da sustancia así como a outro tipo de medidas encamiñadas a garantir a saúde da cidadanía, como o acontecido esta semana ao volver cos traballos de saneamento que xa deran lugar no seu momento a aparición da sustancia.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Ten coñecemento o Goberno sobre a situación que ten acontecido esta semana no Porriño en relación á aparición dunha nova bolsa de Lindano nas obras de saneamento?
- Que valoración fai o Goberno desta nova aparición de Lindano?
- Pensa o Goberno tomar algunha medida en relación a isto?
- En que estudos científicos ten baseado ten baseado a Consellería de sanidade o "informe sobre a situación do Lindano en Galicia, puntos de contaminación, analíticas e medidas de control"?
- Ante os datos de medición do nivel de contaminación que aparecen recollidos no informe, cales son as medidas que pensan adoptar?
- Que protocolos ten establecidos a Consellería para o tratamento e prevención da saúde en relación a esta sustancia?
- Está o Goberno a controlar as medidas de prevención e riscos en relación á saúde laboral das traballadoras e traballadores que teñen contacto co Lindano?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29206
Data envío: 10/04/2018 19:07:10.571

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/04/2018 19:06:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 11:28
Nº Rexistro: 29215
Data envío: 11/04/2018 11:28:04.357

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre os datos crecentes da emigración de galegos e galegas nos últimos anos.

A crise económica que vimos padecendo nos últimos anos vén acompañada, no noso país, dunha realidade demográfica dramática. Día a día, Galicia mingua e avelléntase, isto é, cada vez somos menos e máis vellos, o que pon en risco o propio equilibro demográfico pero tamén a sustentabilidade do sistema de servizos públicos.

Dende o inicio da crise económica, Galicia pasou de ser un país de inmigración a un país que novamente expulsa emigrantes. Deste xeito, de acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística o pasado 20 de marzo, dende 2008, perdemos máis de 260.000 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Este número de saídas poboacionais non só esconde un sen número de dramas familiares, tamén afonda na crise demográfica que padece o noso país. Dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

Se baixamos un chanzo na análise dos datos hai outro motivo importante de alerta, gran parte das persoas que se van son moi novas, mocidade e xente nova en idade de ter fillos e fillas que xa non nacerán en Galicia, agravando, aínda máis, a situación demográfica deste país.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 11:28
Nº Rexistro: 29215
Data envio: 11/04/2018 11:28:04.357

Segundo os datos citados, a data do 1 de xaneiro de 2018, 154.312 persoas nacidas en Galicia atópanse agora vivindo no estranxeiro. Delas 2287 teñen menos de 16 anos. Cifra que aumentaría a 53.193 se sumamos tamén a todas as que naceron fóra. Nenos e nenas que deberan vivir en Galicia e non poden facelo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1.) Cantas persoas solicitaron as axudas ao retorno dende a súa creación ata a actualidade en cada ano?.

2.) Cantas solicitudes foron concedidas e con que contía en cada unha das anualidades?.

3.) Cantas foron rexeitadas en cada ano?

4.) Por que motivo?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 11:28
Nº Rexistro: 29215
Data envio: 11/04/2018 11:28:04.357

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 11/04/2018 11:17:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:06
Nº Rexistro: 29219
Data envío: 11/04/2018 12:06:02.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Nas pasadas semanas o concello do Porriño iniciou as obras da continuación da rede de saneamento e que debían ter o seu entronque coa rede executada na zona delimitada pola Xunta de Galiza por ter presenza de lindano no subsolo. Estas obras executáronse sen a previa comunicación a Consellería de medio ambiente, incumpríndose por parte do concello o protocolo de actuacións establecido para movementos de terras nas inmediacións da zona afectada. Tamén se comproba que os traballadores da empresa que realizaba estaban en contacto directo cos residuos de lindado e sen ningún tipo de protección, o que levou, segundo temos coñecemento, á interposición dunha denuncia ante a inspección de traballo.

Diante da situación de alarma e preocupación veciñal creada na veciñanza, formúlase a seguinte interpelación:

1. A consellería de medio ambiente realizou varias catas para saber a dimensión da zona afectada por lindano en Torneiros - O Porriño para poder redactar un proxecto de descontaminación. Cales son os resultados das analíticas das terras? Está xa delimitada a zona con presenza de lindano? Afecta esta só a zonas públicas ou tamén a zonas privadas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:06
Nº Rexistro: 29219
Data envío: 11/04/2018 12:06:02.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Está redactado o proxecto de descontaminación? Se non é así, en que prazo está previsto rematar a súa redacción e en que prazo estima o goberno acometer os traballos de descontaminación?

3. Tiña o goberno galego constancia do inicio de novas obras de saneamento, por parte do concello, no barrio do Contrasto en Torneiros? Trasladou a consellería de medio ambiente ao concello do Porriño o protocolo de accións ante os movementos de terra no concello? Se é así, Cando foi enviado?

4. Unha vez realizado o estudio e proxecto de descontaminación da zona contaminada dos barrios do Contrasto e Pereira, en que prazo se realizará un estudio máis amplo que abarque a todas aquelas zonas que segundo testemuñas poden ter acumulacións de lindano no subsolo no termo municipal do Porriño?

5. En que outros concellos se está a realizar ou se prevé realizar estudos sobre solos contaminados por lindano?

6. Que previsións ten o goberno galego a respecto do remate do estudo de solos contaminados por lindano e en que prazos e con que medios prevé levar a cabo a descontaminación dos mesmos?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 12:06
Nº Rexistro: 29219
Data envio: 11/04/2018 12:06:02.748

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 12:04:44

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 12:04:49

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 12:04:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 12:04:52

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 12:04:55

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 12:04:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:30
Nº Rexistro: 29242
Data envío: 11/04/2018 13:30:10.607

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O sector primario que ven minguando nos últimos anos de xeito acelerado, aínda supón o 10 % de todos os traballadores en Galicia que desenvolven a súa actividade sobre o 85 % do territorio e que sigue a constituír un alicerce fundamental na estrutura socioeconómica galega que cómpre amparar e apoiar como a mellor maneira de loitar contra o abandono rural.

Practicamente a totalidade das actividades produtivas desenvoltas no eido rural poden resultar afectadas polas inclemencias meteorolóxicas, de feito con carácter cíclico algunha das producións máis sobranceiras sofren os problemas derivados do comportamento anómalo das condicións meteorolóxicas.

Ademais dos problemas derivados por xeadas, secas, inundacións ... etc, as distintas producións agrícolas e gandeiras tamén se ven sometidas a diferentes problemáticas como estragos da fauna salvaxe, ataques á cabana gandeira, lumes, problemas de xestión das explotacións ... etc.

Un dos elementos dos que poden dispor os agricultores e gandeiros para amortecer o forte impacto das inclemencias climatolóxicas e outros factores que ameazan e\ou desequilibran as previsións produtivas e económicas das explotacións son os seguros agrarios.

O seguro agrario é un instrumento de política agraria, que para ser eficaz debe estar en continuo proceso de evolución para adaptarse ás necesidades do sector, sen esa adaptación á cobertura, seguridade e tranquilidade que deben proporcionar ao labrego e ao gandeiro perden efectividade e sentido.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:30
Nº Rexistro: 29242
Data envio: 11/04/2018 13:30:10.607

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Coa aparición de problemas na produción agropecuaria revelase unha e outra vez a realidade de que a cobertura dos seguros agrarios está por debaixo do 20 % dos agricultores e gandeiros galegos, e por outra banda vemos como a cantidade económica asinada nos orzamentos de 2018 non varía á alza como cabería esperar logo de anunciar que todo o que poden cubrir os seguros non é subvencionable.

As razóns desta baixa cobertura para as actividades relacionadas co sector primario debese á falta de adecuación das características técnicas dos seguros á realidade produtiva e da estrutura da propiedade do sector primario galego.

Por iso os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que os seguros agrarios tal e como están na actualidade responden ás necesidades do sector?

2ª) Que medidas está a levar a cabo para adaptar os seguros agrarios á realidade produtiva e da propiedade do sector primario galego?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 3018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/04/2018 13:14:48

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/04/2018 13:14:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:30
Nº Rexistro: 29245
Data envío: 11/04/2018 13:30:38.654

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O xabaril (*Sus scofra*) leva moito tempo entre nós como testemuñan os documentos históricos, esculturas e outros elementos sobranceiros da nosa cultura material e inmaterial.

Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión.

A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural que ten: o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria.

Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñedo de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre animais e actividade agrogandeira que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

Despois de moitos anos sen axudas para compensar os danos xerados polo xabaril nos cultivos, atopamos que no ano 2016 se abriron de novo, aínda que cun carácter temporal restritivo xa que a convocatoria sae o 15 de xullo de 2016, e tivo data de caducidade o 10 de outubro do mesmo ano.

Desde esa última data lévanse recollido máis de 1.500 denuncias por danos, que os funcionarios correspondentes substantivan en expedientes por danos provocados por esta especie sen que a día de hoxe se saiba nada sobre a solución que se lle vai dar aos reclamantes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2018 13:30
Nº Rexistro: 29245
Data envio: 11/04/2018 13:30:38.654

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A Consellería puxo en marcha unha serie de medidas para paliar os ataques desta especie e evitar os danos como axudas para pastores e outras similares que non son quen de frear esta grave ameaza ás producións agropecuarias que non deixan de se incrementar.

As axudas por danos provocados non son a solución, pero si que son unha peza fundamental para aliviar os estragos que causan as mandas de xabarís nas distintas producións agropecuarias ata o punto que nalgunhas zonas son causa de abandono de certas producións e noutras causan un serio prexuízo nas economías de agricultores e gandeiros.

Por iso os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego estabilizar a poboación crecente de xabaril en toda a comunidade autónoma?

4ª) Que medidas e/ou accións vai poñer en marcha para frear os crecentes danos provocados por esta especie?

2ª) Vai atender o Goberno galego todos os expedientes abertos por danos de xabaril?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/04/2018 13:15:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/04/2018 13:15:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29271
Data envío: 11/04/2018 19:17:58.320

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre o diñeiro destinado á promoción do Día Mundial do Libro.

Un ano máis, o goberno de Feijóo mantén conxelado o orzamento para a tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas en 200.000 euros. Unha cifra 100.000 menor do que se dedicaba o ano que o PP voltou ao goberno da Xunta, en 2009. Porén, estes días vimos de saber que gastará 123.774,51 euros nunha campaña publicitaria en medios de comunicación co gallo do Día Mundial do Libro, que se celebra cada 23 de abril.

É dicir, que para unha campaña puntual, dun só día, o PP vai gastar o 62% do que inviste en todo un ano en estimular a tradución editorial galega. Un contrato realizado, como é xa habitual, polo método do contrato negociado sen publicidade por parte da Secretaría Xeral de Medios que depende directamente da presidencia.

Un exemplo claro da promoción da literatura que practica o Partido Popular, centrarse na publicidade ao tempo que se esquecen as axudas para a tradución de obras. Publicidade que non fai máis que aumentar, neste ano faino algo máis do dobre respecto do pasado ano, un 106%.

En concreto, en 2017 o Goberno galego gastou 60.003,89 euros (con IVE) euros na campaña en medios para a promoción do Día Mundial do Libro. A campaña foi adxudicada a Proximia-Havas S.L., e tivo un período de execución de tan só cinco días, a razón de 12.000 euros por día. Este ano, a execución da campaña foille adxudicada a C. Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29271
Data envío: 11/04/2018 19:17:58.320

Investigación S.A. por un valor de 123.774,51 euros. A resolución sinala que 65.840,57 euros —o 52% do total— deberán ser investidos no medio máis decadente, a prensa en papel, mentres que 19.824,04 euros —tan só o 16%— serán para pagar publicidade en edicións dixitais. O resto vai para radio.

Todo isto á par que coñecemos que na última década a edición de libros en lingua galega caeu un 33,6%. Só as obras en vasco experimentaron un descenso máis pronunciado (un 34,6%), segundo apunta o informe do Instituto Nacional de Estatística *Producción editorial de libros*, que recolle datos ata 2016.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Que razóns xustifican que nun só día o Goberno galego vaia gastar tanto diñeiro coma o 62% do dispoñible para a tradución de libros en galego?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29271
Data envío: 11/04/2018 19:17:58.320

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luca Chao Pérez na data 11/04/2018 19:14:07

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/04/2018 19:14:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:31
Nº Rexistro: 29315
Data envío: 12/04/2018 13:31:01.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Durante o último ano e medio estamos a vivir diferentes modificacións do sistema de interrompibilidade para a súa adaptación ás exixencias europeas así como para modernizar un sistema que non acababa dar uns resultados adecuados.

Este mecanismo de xestión da demanda de enerxía empregado para dar unha resposta rápida ás necesidades do sistema eléctrico baixo criterios técnicos e económicos consiste en reducir a potencia activa demandada en resposta a unha orde emitida desde Rede Eléctrica e aparece contemplado na vixente lei do sector eléctrico, a Lei 24/2013, do 26 de decembro.

As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade. Estas incertezas sumadas á incerteza a respecto de se o novo marco será respectado pola Unión Europea non contribúen a estabilizar o sector, aínda que sen dúbida algunha das mudanzas introducidas abren posibilidades até o momento non contempladas, como o emprego para o abaratamento do recibo eléctrico a partir deste mesmo 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:31
Nº Rexistro: 29315
Data envío: 12/04/2018 13:31:01.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sábado 7 de abril de 2018 publicábase no Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade. Esta Orde, entre outras cuestións, dispón un novo período de entrega comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2018.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, formúlase a seguinte interpelación:

-Que valoración fai o goberno galego da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade

-Que repercusións considera o Goberno Galego que se poden dar na industria electrointensiva galega co cambio no sistema de poxa?

-Ten avaliado co sector esta última modificación?

-Ten realizado a Xunta de Galiza, ao abeiro do INEGA ou dalgún outro instrumento, unha avaliación do posíbel impacto no momento de coñecérense os borradores previos así como o informe previo da CNMC?

-Ten realizado ou demandado o goberno galego algún tipo de interlocución co goberno do Estado ao respecto? En que termos?

-Tense dirixido a Xunta de Galiza ás empresas implantadas en territorio galego que estarían afectadas para recoller propostas a trasladar? Cales?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:31
Nº Rexistro: 29315
Data envio: 12/04/2018 13:31:01.327

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coñece se algunha empresa con sede en Galiza está a valorar non participar? Tense interesado polo asunto?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2018 13:30:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2018 13:30:22

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2018 13:30:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2018 13:30:25

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:31
Nº Rexistro: 29315
Data envio: 12/04/2018 13:31:01.327

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2018 13:30:27

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2018 13:30:29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 29334
Data envío: 12/04/2018 13:52:23.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Se o pasado ano 2017 foi duro para o sector primario ourensá, o presente 2018 arrastra dunha banda as súas consecuencias e doutra banda a irrupción de novos atrancos que poden poñer en perigo a pervivencia de moitas pequenas e medianas empresas do sector. O pasado 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego entre os que salientaron importantes danos coa xeada da primavera até a saraibada de finais de agosto, pasando por unha importante seca que mesmo tivo consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións. Así mesmo, temos que recordar o impacto negativo dos incendios forestais e as súas consecuencias.

Unha das comarcas afectadas por estas cuestións é a da Limia, que neste presente 2018 prevé enormes dificultades, desta volta xa non só pola situación arrastrada senón froito dos anegamentos e as choivas importantes e intensas, acompañadas de saraibadas, que tiveron lugar en marzo e abril. Así mesmo, cómpre recordar a particularidade da zona correspondente ao que no seu día foi a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 29334
Data envio: 12/04/2018 13:52:23.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lagoa de Antela que, loxicamente, é propicia a ser anegada xa que esta decisión, arbitrada no franquismo, non foi en absoluto racional ou sostíbel canto ao medio ambiente e a planificación hidrolóxica.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas e estímase unha perda de entre 7 e 8 millóns de euros. Falamos dunha comarca con importantes problemas de perda de poboación e emprego, polo que o impacto pode ser meirande, ao que se suma un 2017 de dificultades e un anterior ano tamén con perdas por apodrecer boa parte da colleita de cereal.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Que medidas específicas vai adoptar o goberno galego diante da situación que sofre o sector primario na Limia?

-Contactou ou vai contactar o goberno galego cos sectores e concellos afectados para avaliar medidas? En que prazo temporal?

-Que tipo de medidas fiscais avalía ou vai avaliar o goberno galego?

-Ten avaliado o goberno galego ou non a idoneidade de asumir custos materiais a través de axudas directas para axudar a saír deste momento de crise?

-Ten información o goberno galego sobre o impacto da perda de cereal na zona?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 29334
Data envio: 12/04/2018 13:52:23.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego de cara aos recursos hídricos da zona?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2018 13:50:44

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2018 13:50:49

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2018 13:50:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:52
Nº Rexistro: 29334
Data envio: 12/04/2018 13:52:23.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2018 13:50:53

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2018 13:50:55

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2018 13:50:57

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 29354
Data envío: 12/04/2018 17:28:20.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A innovación nos orzamentos da Xunta de Galiza ten un recorte acumulado dende 2009 de 149 millóns de euros. Neste sentido, cabe salientar que o programa máis relevante *"Plan galego de investigación"* perdeu ata 173 millóns de euros na era Feijóo. Así mesmo, unha área que debera ser prioritaria, tamén salientou pola súa baixa execución orzamentaria no Plan galego de I+D+i en todo o período Feijóo, cunha media que non chega ao 80%. Tamén, a súa Consellería, responsábel do impulso da innovación presenta ano tras ano unha execución realmente baixa, cunha media do 60%.

Por execución orzamentaria entendemos a porcentaxe que supoñen as obrigas recoñecidas en relación aos créditos vixentes (créditos finais). Xa que logo, representa as obrigas divididas polos créditos vixentes, expresadas en porcentaxe. O orzamento da Xunta de Galiza tivo un grao de execución no ano 2017 do 95,8%, polo tanto menor que o do 2016, que foi do 96,6%. A pesares deste relativamente alto grao de execución, este non é homoxéneo.

No que ten a ver cos programas de gasto, a pesares da alta execución global, hai programas que presentan unha execución bastante baixa, o que a bo seguro impide acadar os obxectivos que o programa ten explicitado.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 29354
Data envío: 12/04/2018 17:28:20.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Destaca a baixa execución do "Plan Galego de I+D+i" cunha execución do 77,4, unha execución menor ao 81,3% rexistrada no 2016, e do programa de "apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación" cunha execución do 74,9%, o que nos amosa o escaso compromiso do goberno galego coa innovación.

Como consecuencia a realidade é que non se fortaleceron e consolidaron as infraestruturas e capacidades de I+D+i e afondouse na perda de talento investigador, como amosan indicadores como a perda do persoal de I+D na administración pública e no ensino superior dende o 2009, con caídas do 17,6% e do 14,7% respectivamente.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores referidos? Que medidas a curto e medio prazo está tomando ou vai tomar o goberno galego para incrementar o esforzo orzamentario e o grao de cumprimento dos compromisos?

-Considera compatíbeis os obxectivos que se fixan nos Plans da Xunta con este baixo esforzo canto á execución?

-Que motivou o descenso do esforzo investidor en I+D desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza?

-Ten pensado a Xunta de Galiza mudar as súas políticas para corrixir as eivas en materia de planificación orzamentaria?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 29354
Data envio: 12/04/2018 17:28:20.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-E para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza e apostar nun cambio de modelo produtivo?

-Vai continuar o goberno galego aplicando estancando o esforzo investidor en políticas de I+D+i?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2018 17:27:46

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2018 17:27:51

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2018 17:27:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 17:28
Nº Rexistro: 29354
Data envio: 12/04/2018 17:28:20.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2018 17:27:54

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2018 17:27:56

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2018 17:27:57

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727